

PLAN DE REACTIVACIÓN NO ÁMBITO INFANTOXUVENIL EN RELACIÓN COA INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-CoV 2



XUNTA DE GALICIA

Coordinadores do documento:

- Alfonso Alonso Fachado, subdirector xeral de Xestión Asistencial e Innovación.
- Silvia Suárez Luque, xefa do Servizo de Coordinación Sociosanitaria.

Este documento foi realizado en base ás achegas de:

- Consellería de Política Social
- Consellería de Educación
- Amparo González Méndez, directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- Federico Martinón Torres, xefe do Servizo de Pediatría do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela.
- José Luis Muíño López-Álvarez, xefe do Servizo do C.S. Mariñamansa, Área Sanitaria de Ourense.
- José María Martinón Sánchez, pediatra, presidente del Consello Asesor do sistema público de saúde.
- Juan Turnes Vázquez, xefe do Servizo de Aparato Dixestivo do Complexo Hospitalario de Pontevedra e O Salnés.
- Julio Garcia Comesaña, xerente da Área Sanitaria de Vigo.
- Luis Arantón Areosa, director de Enfermería, Área Sanitaria de Ferrol.
- Manuel Crespo Casal, xefe do Servizo de Medicina Interna, Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- Manuel Vázquez Lima, xefe do Servizo de Urgencias do Hospital Público de O Salnés.
- Marina Varela Durán, xefa da Sección de Anestesioloxía, Reanimación e Terapia do Dolor, Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.
- Perfecto Rodríguez Muíños, xerente do Consorcio Galego de Servizos Sociais e Igualdade.
- Pilar Farjas Abadía, especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública.
- Sergio Vázquez Estévez, xefe do servizo de Oncoloxía Médica, Hospital Universitario Lucus Augusti.
- Gabinete pediátrico Covid-19 do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

Este documento foi aprobado pola Comisión de Xestión da Crise Sanitaria da Covid-19 da Xunta de Galicia.

Índice

1. Introducción.....	5
O que coñecemos sobre a transmisión do virus en poboación infantil.....	7
2. Obxectivos.....	9
3. Marco teórico	9
4. Marco de actuación.....	11
5. Actuación en caso de detección dun caso de coronavirus SARS-CoV 2 nun centro.....	13
6. Liñas de actuación no ámbito educativo.....	15
A) Vixilancia da infección por SARS-CoV-2.....	15
B) Prevención da infección por SARS-CoV-2.....	17
C) Control da infección por SARS-CoV-2.....	26
6.1. Medidas específicas segundo o ciclo educativo.....	27
6.1.1.. Segundo ciclo de Educación Infantil (3-6 anos).....	27
6.1.2. Educación Primaria (6-12 anos).....	28
6.1.3. Educación Secundaria Obrigatoria (12-16 anos).....	28
6.1.4. Bacharelato (16-18 anos).....	28
6.1.5. Formación Profesional.....	29
6.1.6. Centros de Educación Especial.....	29
6.2. Establecemento das fases da reactivación no ámbito educativo.....	30
7. Liñas de actuación no ámbito do sistema de protección de menores.....	34
... 7.1. Liñas de actuación xerais.....	35
A) Vixilancia da infección por SARS-CoV-2.....	35
B) Prevención da infección por SARS-CoV-2.....	37
C) Control da infección por SARS-CoV-2.....	40
7.2. Liñas de actuación específicas nos centros de día do sistema de protección de menores e de reforma.....	41
7.3. Liñas actuación específicas nos centros de día sistema de protección de menores.....	46
7.4. Liñas de actuación específicas nos CIEMAS.....	47
7.5. Liñas de actuación específicas nos puntos de encontro familiar.....	49
8. Liñas de actuación no ámbito das escolas infantís de 0-3 anos.....	50
8.1. Cuestións relativas ás medidas previas ao comezo da actividade.....	51

8.1. Cuestións relativas ao mantemento da distancia de seguridade.....	51
8.3. Cuestións organizativas.....	53
8.4. Cuestións referidas á hixiene e limpeza.....	55
8.5. Medidas relativas aos nenos e nenas.....	58
8.6. Medidas relativas ás familias.....	61
8.7. Medidas relativas a empresas externas e terceiros alleos aos centros.....	64
8.8. Liñas de actuación específicas nos espazos infantís e ludotecas.....	67
9. Liñas de actuación no ámbito dos campamentos.....	68
9.1. Obxectivos.....	68
9.2. Campaña de verán da Xunta de Galicia.....	68
9.3. Descrición das instalacións dos campamentos e outros recursos.....	71
9.4. Medidas relacionadas coa convivencia.....	72
9.5. Campamentos fronte á COVID-19: compromiso conxunto.....	73
9.6. Medidas hixiénicas e organizativas na instalación.....	75
9.7. Medidas organizativas nas actividades.....	81
9.8. Medidas de prevención e hixiénico-sanitarias.....	82
9.9. Actuación ante un posible caso de COVID-19.....	84
9.10. Liñas de actuación específicas nos campos de voluntariado.....	86
9.11. Liñas de actuación específicas nos campamentos de persoas con discapacidade.....	87
10. Conclusións.....	90
Bibliografía.....	92
ANEXO I. Enquisa clínico-epidemiolóxica COVID-19.....	93

1. INTRODUCCIÓN

A COVID-19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (*severe acute respiratory syndrome coronavirus 2*), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando a outras áreas de China e posteriormente a outros países, o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo.

En España, o primeiro caso de COVID-19 foi detectado a finais do mes de xaneiro e dende entón, o número de contaxios aumentou de maneira progresiva e a gran velocidade o que deu orixe a unha crise sanitaria sen precedentes que requiriu a adopción de medidas excepcionais co obxectivo de protexer a saúde e a seguridade da cidadanía, conter o progreso da enfermidade e mitigar o impacto sanitario. Con esta finalidade, o pasado 14 de marzo procedeuse á declaración do Estado de Alarma en España que posteriormente, prorrogouse en cinco ocasións (na actualidade está oficialmente prorrogado ata o 21 de xuño).

Un día antes da declaración do Estado de Alarma, o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia o que obrigou a adoptar unha serie de medidas transitorias dirixidas a garantir ao mesmo tempo, a seguridade dos profesionais sanitarios e dos pacientes mantendo en todo momento, o correcto equilibrio no exercicio de dereitos e obrigas da cidadanía galega.

Entre elas, para os centros educativos, o 12 de marzo *estableceuse a suspensión da actividade en todos os niveis educativos, os centros de día de menores, os puntos de atención á infancia, ludotecas e espazos infantís.*

Unha vez pasada a primeira onda epidémica é necesario recuperar a normalidade na actividade no ámbito infantoxuvenil coas necesarias precaucións de utilización de equipos de protección e distanciamento físico.

Por iso, durante esta etapa é necesario planificar o necesario axuste das medidas establecidas nas fases de contención.

Dende a instauración do Estado de Alarma decretado polo Goberno central o pasado 14 de marzo, o sistema sanitario público galego por medio da Consellería de Sanidade desenvolveu as medidas necesarias para dar a suficiente seguridade á cidadanía de vixilancia epidemiolóxica, prevención, detección e control de todos os procesos relacionados coa Covid19. Desta forma, a creación dos equipos Covid-19 nos hospitais, o establecemento dun circuíto en que calquera persoa de Galicia con síntomas de sospeita de Covid19 poderá realizar en menos de 24 horas un test diagnóstico solicitado polo seu centro de atención primaria ou a creación do Centro de Seguimento de Contactos que se encargará da identificación dos contactos próximos e realizará o seu seguimento, dan á poboación galega unha rede sanitaria sólida que permite cumprir coas garantías necesarias para o inicio das actividades cotiás, como neste caso é o ámbito infantoxuvenil.

O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permite o inicio deste proceso de normalización progresiva da actividade, denominado reactivación, que está sendo avaliado de maneira continua polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e acompañarse da introdución doutras medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica.

Esta adaptación á nova realidade supón a asunción de que non existe unha garantía de cero contaxios, unha vez que continúa unha importante circulación do virus no mundo. Ante este escenario, faise necesario a reactivación das actividades cotiás da sociedade galega, e unha das fundamentais é a educativa. O obxectivo destes próximos meses é o de aprender e interiorizar as actuacións hixiénicas de distanciamento físico a que nos vai a obrigar a convivencia con esta situación de pandemia.

O confinamento e o illamento social son medidas extremas que deben ser utilizadas durante un tempo determinado. Estas medidas, implantadas durante o primeiro brote da pandemia, serán substituídas por medidas de prevención da transmisión do virus,

como a hixiene das mans, o distanciamento físico e a utilización de máscaras en todas as actividades cotiás.

Unha vez que estas medidas sexan parte da nosa nova realidade durante os próximos anos e aprendidas polo conxunto da sociedade, non existe ningunha xustificación dende o punto de vista sanitario que impida o inicio tanto da actividade educativa, campamentos ou de apertura dos centros de menores cando polas respectivas autoridades e direccións competentes se considere oportuno. Este documento da as claves e establece os procedementos para cumprir coas necesarias medidas preventivas da transmisión do coronavirus.

O QUE COÑECEMOS SOBRE A TRANSMISIÓN DO VIRUS EN POBOACIÓN INFANTIL

É importante destacar que todos os estudos publicados ata a data desmenten a idea inicial de que a poboación infantil ten unha capacidade de contaxio superior á poboación xeral. Tal como se publica nun artigo publicado en Arch Dis Childhood, que titula o seu editorial "*Os nenos non son super-diseminadores da Covid-19: hora de volver ao colexio*"¹.

A diferenza doutras infeccións, os datos preliminares suxiren que os nenos xogan un papel menor na cadea de transmisión da enfermidade, e son os adultos a fonte principal de contaxio, sendo que os casos pediátricos prodúcense de forma maioritaria por contaxio a través da convivencia con adultos infectados^{2,3}.

Unha das mensaxes reiteradas que xurdiron nos inicios desta epidemia foi que os nenos e nenas eran un importante vector de contaxio da infección. Estes argumentos non foron sustentados polos estudos realizados posteriormente. De feito, e segundo o estudo de seroprevalencia realizado pola Xunta de Galicia, a poboación menor de 19

-
- 1 Munro APS, Faust SN. Children are not COVID-19 super spreaders: time to go back to school. Arch Dis Child. 2020 May 5
 - 2 RVA. COVID-19 and children. https://www.rivm.nl/en/novel-coronavirus-covid-19/children-and-covid-19?fbclid=IwAR3QycNPiZmLu1e1Hw4G4bU8qSnywo9KyUXox3QNsDBDUgffUtEW_SQRYqs (accessed 26 abril 2020)
 - 3 Gudbjartsson, Daniel F. et al., Spread of SARS-CoV-2 in the Icelandic Population." New England. Journal of Medicine, (14). 2020.

anos está netamente menos contaxiada que as persoas de máis idade. A prevalencia de contaxio de menores de 19 anos é do 0,50% o da poboación entre os 10 e os 19 anos, do 0,56%. A partir dos 20 anos esta prevalencia ascende até un mínimo do 0,90% en calquera franxa de idade.

É un feito que a infección na poboación infantil é menos grave que a dos adultos. A maioría dos contaxios nesta poboación son asintomáticos ou leves, en comparación coa dos adultos^{4,5,6,7}.

Consideracións sobre a distancia física

- De forma xeral, manterase unha distancia física mínima de 1,5 metros entre as persoas presentes nos centros educativos (comedores, corredores, recreos, traballos grupais, etc...)⁸. Se non se consegue manter esta distancia, será necesario o uso da máscara. Exceptuarase esta distancia entre nenos e nenas menores de 3 anos.
- Durante as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en escritorios e todos orientados nun mesmo sentido, establecerase unha distancia física mínima de 1 metro. Esta distancia é a recomendada pola Organización Mundial da Saúde para os centros educativos xa que a maioría dos estudos determinan a distancia máxima de 1 metro como punto de referencia para a proxección das gotas respiratorias. Nunha situación en que o ton de voz é baixo e as persoas non se encontran confrontadas a proxección das gotículas respiratorias é inferior ao metro de lonxitude⁹.

4 Bi Q. et al. Epidemiology and transmission of COVID-19 in 391 cases and 1286 of their close contacts in Shenzhen, China: a retrospective cohort study. Lancet April 27, 2020 DOI:[https://doi.org/10.1016/S1473-3099\(20\)30287-5](https://doi.org/10.1016/S1473-3099(20)30287-5)

5 Choi, SH, Kin HW, Kang JM, Kin DH, Cho EY. Epidemiology and clinical features of coronavirus disease 2019 in children. Clin Exp Pediatr. 202;63(4):125-132

6 Dong Y, Mo X, Hu Y, et al., "Epidemiological characteristics of 2143 pediatric patients with 2019 coronavirus disease in China." Pediatrics. 2020.

7 Jiehao, C, Xu J, Lin D, Yang Z,4 Xut L, al., "A case serie of chilfren with 2019 novel coronavirus infection : clinical and epidemiological features." Clinical Infectious Diseases, (28) 2020

8 Real Decreto-lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVIDI-19. Acceso en [<https://www.boe.es/boe/dias/2020/06/10/pdfs/BOE-A-2020-5895.pdf>]

Resumen de outras evidencias dispoñibles

1. Baixa taxa de enfermidade por COVID 19 en nenos, sendo menor canto máis novos.
2. Baixo risco de transmisión de nenos a partir de estudos de convivencia
3. Raramente é o neno a fonte principal de infección por COVID-19 nos estudos de brotes publicados ata agora.
4. Baixa incidencia e baixo risco de enfermidade incluso en nenos con morbilidades previas
5. Baixa propagación de SARS-Cov-2 en nenos

2. OBXECTIVOS

- Establecer o marco de actuación para a toma de decisións durante o proceso de reactivación dos centros.
- Definir as liñas de actuación de vixilancia, prevención e control para a fase de reactivación no ámbito infantoxuvenil.

3. MARCO TEÓRICO:

Como criterio xeral, na dinámica de propagación das enfermidades infecciosas dentro dunha poboación existen catro factores determinantes:

- A existencia dun número determinado de individuos susceptibles que, no caso da infección polo SARS-CoV-2, ao non existir inmunidade previa fronte ao virus nin vacina posible, implica á totalidade da poboación.
- A existencia de poboación infectada con capacidade de contaxiar cuxa estimación real presenta dificultades debido en parte á heteroxeneidade da

9 World Health Organization. Considerations for school-related public health measures in the context of COVID-19. 10 May 2020. Access in 25/05/2020 [<https://www.who.int/publications-detail/considerations-for-school-related-public-health-measures-in-the-context-of-covid-19>]

vixilancia epidemiolóxica e á existencia de casos leves e/ou asintomáticos que non se detectan.

- O patrón de contactos que se dan entre os individuos dunha sociedade e a propia estrutura da poboación.
- A probabilidade de que se produza un contacto efectivo entre un individuo infeccioso e un susceptible.

Aínda que estas intervencións de Saúde Pública non conseguiron erradicar a epidemia de COVID-19, constitúen unha ferramenta fundamental para atrasar a propagación do virus e así dispoñer de tempo para poñer en marcha as medidas necesarias para garantir a capacidade do sistema sanitario para facer fronte á demanda asistencial e outras que melloren a capacidade de controlar a epidemia (dispoñibilidade de vacina ou de tratamento efectivo).

Co obxectivo de establecer un marco técnico que permita a reactivación e a avaliación continua destas medidas, así como introducir outras intervencións específicas para esta fase de normalización, establécense 3 liñas de actuación (**vixilancia, prevención e control**) no ámbito educativo.

Polo que se coñece o grao de circulación do virus na nosa Comunidade foi baixo, segundo o estudo de seroprevalencia da Xunta de Galicia oscila entre o 0,5 e o 1,5% segundo a comarca. Neste contexto, faise necesario a continuación das medidas de distanciamento físico iniciadas no inicio da pandemia, que deben ser compatibles con unha recuperación da actividade previa á pandemia na sociedade. Isto inclúe a inclusión das actividades educativas como un dos elementos esenciais.

4. MARCO DE ACTUACIÓN

Se ben na toma de decisións ante riscos non coñecidos aplícase o principio de precaución, como supuxo o peche de todos os centros do ámbito infantoxuvenil, na actualidade dispónse de información cada vez máis sólida acerca da incidencia da

enfermidade, os requirimentos asistenciais e a dinámica de transmisión do virus que permite a planificación da transición a outro escenario.

Dado que a reactivación debe ser un proceso seguro, gradual e de carácter dinámico é preciso para a planificación dunha resposta adaptativa, debendo ter en conta os seguintes criterios e parámetros:

4.1. Criterios epidemiolóxicos

Para iniciar a reactivación é necesario valorar a existencia dunha diminución sostida do número de casos confirmados de infección polo SARS-CoV-2 na poboación xeral (excluíndo residencias de anciáns, sociosanitarios e profesionais sanitarios) a través da incidencia acumulada nos tres días previos ao inicio da mesma (incidencia \leq 6 casos novos de COVID-19 por 100.000 habitantes/día).

Por outra banda, no proceso de avaliación continua das medidas establecidas nesta etapa é recomendable ter en conta outros indicadores para valorar a necesidade de interromper o proceso de reactivación ou incluso a posibilidade de retroceder no mesmo:

- Diminución do tempo de duplicación de casos (<5 días).
- Incremento sostido do número de casos confirmados (>10% durante 3 días consecutivos).
- Incremento de casos confirmados entre os profesionais sanitarios (>10%).

4.2. Criterios asistenciais

- En relación ao sistema sanitario débense cumprir os criterios:
 - A atención a pacientes COVID-19 nos servizos de urxencias hospitalarias supón <50% da actividade asistencial destes servizos.
 - Taxa de hospitalización de pacientes COVID-19 <30% da ocupación total.

- A ocupación das camas nas unidades de coidados intensivos (UCI) por pacientes COVID-19 é <50%.
- Durante esta etapa de normalización, é imprescindible a avaliación continua do estado do sistema sanitario atendendo aos criterios descritos anteriormente. Así mesmo, é preciso ter en conta os seguintes parámetros relativos á demanda asistencial e á capacidade dos servizos sanitarios para xestionar un posible incremento das mesmas:
 - Valorar a capacidade estrutural e de recursos humanos en activo para a atención de pacientes COVID-19 nos servizos de urxencias hospitalarias así como na hospitalización convencional e nas Unidades de Coidados Intensivos/ Reanimación. Neste senso, é necesario dispor de protocolos organizativos que garantan o acollemento e illamento de novos casos sospeitosos ou confirmados de infección polo SARS-CoV-2.
 - Garantir a atención hospitalaria habitual ante un eventual incremento de casos COVID-19.
 - Valorar a capacidade de recursos materiais (equipos de protección individual, máscaras cirúrxicas, test diagnósticos) para facer fronte a un posible aumento de pacientes COVID-19.
 - Avaliar a proporción de pacientes hospitalizados COVID-19 (en hospitalización convencional e nas unidades de coidados críticos (UCC) fronte ao total de hospitalizados.

O contexto actual da situación de emerxencia sanitaria cumpre as condicións epidemiolóxicas adecuadas para a normalización e reinicio da actividade asistencial nos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. Este reinicio deberá realizarse de maneira progresiva en función da evolución dos contaxios, a capacidade asistencial e a aparición de abrochos a nivel local. Baixo esta premisa estableceranse diferentes etapas para normalización da asistencia hospitalaria.

4.3. Outros criterios a considerar

1. Os nenos, igual que os adultos son unha parte máis na cadea de transmisión de calquera enfermidade infecciosa. Segundo os estudos publicados, non existe evidencia de que o seu nivel de transmisión da enfermidade por SARS-CoV-2 sexa superior ao da poboación xeral.
2. Descoñecemos a historia natural da enfermidade, os mecanismos de protección e duración da mesma.
3. O confinamento é unha medida de control que non modifica a transmisión, senón a dinámica de contactos e a velocidade de transmisión
4. O confinamento realizado ata a data dos nenos modificou rutinas saudables dos nenos e as súas familias, con diferente rango de adaptación ao cambio.
6. O confinamento funcionou en parte pola contribución relativa do papel de toda a poboación, pero non sabemos con precisión a importancia relativa dos nenos no conxunto do efecto do confinamento.

5. Actuación en caso de detección de caso de coronavirus SARS-CoV 2 nun centro

En caso da aparición dun caso de coronavirus nun centro tanto sexa do alumnado, dos nenos e nenas usuarios, profesorado ou persoal do centro, a dirección deste contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena durante un período de 14 días no seu domicilio.

A familia do neno ou nena, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 se seguirán as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

6. LIÑAS DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO

Neste documento descríbense as liñas de actuación específicas para o ámbito infantoxuvenil no tocante á vixilancia, prevención e control da infección polo SARS-CoV-2. Diferéncianse as liñas de actuación no ámbito escolar das que se establecerán no ámbito de protección de menores, no ámbito das escolas infantís 0-3, espazos infantís, ludotecas e no ámbito dos campamentos.

Neste apartado inclúense as liñas nos centros escolares no tocante á vixilancia, prevención e control da infección polo SARS-CoV-2.

A) Vixilancia da infección polo SARS-CoV-2

Para deter a transmisión comunitaria e evitar a aparición de novos abrochos é necesario un labor de vixilancia e monitoraxe continuas, tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos, como para o seguimento deles.

Para isto, realizaranse as seguintes actividades:

1. Cada centro educativo deberá contar cun equipo (persoal e/ou profesorado) formado na COVID-19 que será referencia para o resto de persoal, profesorado, alumnado e familias. Nomearase unha persoa que será a coordinadora Covid e será a interlocutora coa administración en caso necesario.
2. Os centros educativos terán un centro de saúde de referencia onde se poida poñer en contacto o responsable do equipo Covid do centro educativo para resolver algunha dúbida ou incidencia no centro.
3. Habilitarase un espazo no centro para illar a aqueles nenos e nenas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado.
4. Detección precoz no **persoal e profesorado** do centro:

- Autoavaliación e rexistro diario de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no persoal e profesorado mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I antes da chegada ao centro.
- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible no persoal e profesorado, non acudirán ao centro e chamarán ao seu centro de saúde. Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario e realizaráselle test diagnóstico en 24 horas.
- Recoméndase a menor rotación posible do persoal e profesorado, organizando equipos estables para reducir os contactos.

5. Detección precoz no **alumnado**:

- Avaliación diaria na casa de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no alumnado mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I.
- Se detéctase sintomatoloxía compatible na casa, o neno ou nena non acudirá ao centro e contactarse inmediatamente co centro de saúde de referencia. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningunha xustificación médica, abondará coa xustificación dos pais ou titores legais.
- Vixilancia activa do persoal e profesorado de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no alumnado.
- Ante a detección de síntomas compatibles nun neno ou nena, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Namentres permanecerá coa máscara cirúrxica no espazo exclusivo para illamentos. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra non tivera consulta no

mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario de referencia do centro.

6. Medidas adicionais:

- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, os nenos e nenas que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.

B) Prevención da infección polo SARS-CoV-2

A estratexia desta liña de actuación baséase na aplicación de medidas dirixidas a protexer aos nenos, nenas, persoal e profesorado reducindo a probabilidade de contacto cos casos da COVID-19 a través da adopción de determinadas medidas.

1. A educación sanitaria, como proceso de información, motivación e axuda para non baixar a garda e adoptar ou manter as boas prácticas de prevención da enfermidade. A Consellería de Sanidade colaborará na formación e educación tanto do profesorado e persoal, como dos alumnos coa elaboración de material formativo adecuado a cada colectivo. Ademais, incluírase dentro dos programas de intervención comunitaria dos centros de atención primaria a realización de sesións presenciais por parte dos profesionais dos centros de saúde nos centros educativos co obxectivo de formar ao profesorado e realizar outras intervencións educativas necesarias.

Cómpre desenvolver un intenso labor neste sentido, incidindo nos seguintes aspectos:

- Concienciación e interiorización da magnitude do problema: débese resaltar dunha parte, a idea de que a epidemia non se erradicou, co obxectivo de evitar a relaxación na aplicación das medidas preventivas

tanto do persoal como do profesorado e o alumnado, e doutra, a necesidade da implicación da poboación no cumprimento das indicacións establecidas polas institucións, nun exercicio de responsabilidade individual e colectiva.

- Información sobre aspectos científicos e epidemiolóxicos da infección por SARS-CoV 2.
- Medidas de protección: informar sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas, destacando:
 - Haberá un equipo Covid de referencia en cada centro educativo (integrado por persoal e profesorado) que garanta o coñecemento e a aplicación das medidas de protección e hixiene.
 - Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
 - Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón ou con solucións hidroalcohólicas, no seu defecto.
 - Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento.
 - Habilitar dispensadores de solución alcohólica na a entrada e en espazos comúns.
 - Aplicar medidas de reforzo para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.

- Xerar dinámicas para que o alumnado realicen hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos a actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
 - Instalación de portapanos desbotables nos espazos comúns.
 - Xerar sistemas de educación sanitaria para implantación de medidas de hixiene respiratoria:
 - Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos contaminados, realizar hixiene de mans.
 - Manter a distancia física recomendada. Se non se puidese manter, será necesaria a utilización de máscara de protección.

2. Estableceranse plans de formación e información continua para o persoal, o profesorado e o alumnado co obxectivo do mantemento de todas as medidas de prevención establecidas, especialmente na hixiene de mans. Ademais, antes do inicio do curso, darase formación en medidas de distanciamento físico e uso de máscaras tanto para o persoal, profesorado como para o alumnado.

3. Intensificación da limpeza e desinfección do centro:

- Estableceranse programas intensificados de limpeza no centro, con especial atención ás zonas onde poidan transitar maior número de persoas e as superficies de contacto frecuente como varandas e

pasamáns, mangos de portas, escritorios, xoguetes, subministracións, interruptores de luz, marcos de portas, equipos de xogo, axudas para o ensino utilizadas polo alumnado e portadas de libros. Tamén incluírase a ventilación de salas e espazos comúns.

- Aumentarase a frecuencia de limpeza en ximnasios e instalacións deportivas e vestiarios.

4. Medidas relacionadas cos equipos de protección individual (EPIs):

- Utilización de máscara en todos os espazos do centro se non se pode cumprir a distancia física exixida tanto para o profesorado, o persoal e o alumnado (se máis de 6 anos de idade).
- Establecer persoal de referencia en cada centro para garantir o uso correcto dos EPIs, realizar inventario destes e o control de aprovisionamento en función das necesidades.
- Asegurar a posibilidade de cumprimento de medidas provisionais de reutilización de EPIs en caso de desabastecemento.

5. Medidas de distanciamento xerais:

- Medidas de distanciamento físico: mantemento da distancia de seguridade recomendada entre persoas e evitar as aglomeracións ou espazos con moitas persoas.
- Está demostrado que unha das actividades de maior risco de contaxio é o canto, en especial o canto coral, debido á cantidade de aerosois que se xeran nesta actividade. Polo tanto, esta actividade debería estar limitada.
- Regular ás actividades en zonas comúns, distribuíndo estas actividades en quendas, de tal forma que en cada quenda, cada participante poida

manter a distancia de seguridade (ao menos 1,5 metros) respecto ao resto de participantes. Se non fose posible, utilizarase máscara de protección.

- Adecuar os comedores e as cafeterías, se os houbera, para cumprir coa distancia de seguridade.
- As gotas de Pflügge son o principal mecanismo transmisor do virus. A distancia ás que estas son expelidas é directamente proporcional ao volume ou intensidade da voz. Polo tanto, recomendase que durante a estadía no centro educativo (aulas, comedor, actividades extraescolares) o alumnado, profesorado e profesionais manteñan o volume de voz o máis baixo posible.

6. Medidas de distanciamento para o persoal e profesorado:

- As entradas do persoal e profesorado serán graduadas e evitarase a acumulación das persoas nos puntos de entrada e saída dos centros educativos.
- A transmisión das gotas respiratorias está relacionada coa proximidade dos interlocutores e co nivel de proxección destas. Os profesores adoitan falar dende unha altura levemente superior ao do alumnado. Polo tanto, a distancia á que o profesorado se dirixirá ao grupo aula será superior a 1,5 metros.
- Evitar coincidir en grupo en lugares de espazo reducidos.
- Evitar as actividades grupais dos equipos en espazos reducidos. Se non se puidese garantir a distancia de seguridade, estas serán realizadas a través de videoconferencia.
- Instalaranse mamparas en todos os lugares de atención ao público.

- Usar luvas obrigatoriamente para recoller pedidos, mercancía ou correo, así como a manipulación de obxectos de fóra da escola como mochilas, bolsas, roupa, e outros. Tamén se utilizarán luvas para os momentos de alimentación. Estas botaranse ao lixo inmediatamente tras a finalización da tarefa.
- Para desbotar as luvas e outro material utilizaranse, a ser posible, recipientes con tapa e pedal e procederase ao lavado correcto de mans.
- Priorizarase o envío da documentación de inscrición, matrícula e calquera outra mediante medios informáticos. De ser necesario a entrega en papel, este será escaneado no propio centro, minimizando o contacto coa documentación física presentada por parte do persoal do centro.
- Os trámites administrativos serán realizados con cita previa co centro.
- As reunións das ANPAS realizaranse preferentemente en forma de videoconferencia. Se tivese que ser realizada de forma presencial, manteranse as medidas de hixiene e uso de máscara se non se puidese cumprir a distancia de seguridade.

7. Medidas relacionadas co transporte ao centro:

- Recomendación de uso de transporte individual ou, no seu caso, de máscara se se utiliza calquera vehículo de transporte compartido ou público.
- Poñer en marcha medidas de illamento respiratorio, hixiene de mans e de distanciamento físico no transporte, tales como autobuses escolares, e consellos para os estudantes incluíndo aqueles que utilizan o transporte público. Procurarase un neno ou nena por parella de asentos (agás o menores convivintes). Se é posible manterase 1 metro de distancia nos

autobuses escolares e o uso de máscaras de protección. O autobús debe hixienizarse entre as viaxes, segundo a normativa vixente.

8. Medidas relacionadas coa entrada ao centro:

- Proporcionarase material específico para a hixiene de mans nas entradas e saídas.
- Habilitaranse o maior número de zonas de entrada e saída posibles e repartiranse por aulas para evitar aglomeracións de persoas.
- Do mesmo xeito, a entrada e saída será ordenada e gradual sempre que sexa posible (nunha marxe de media hora) para evitar que se agrupen as familias.
- No posible, establecerase a circulación unidireccional do alumnado a través das instalacións e limitarase o número de persoas permitidas nos vestiarios á vez.
- Durante a circulación polos corredores do centro levarase a máscara, se non se pode garantir a distancia interpersonal adecuada.
- A pesar de que non se verificou a transmisión do virus por medio do calzado, como medida de hixiene aconsellase que os nenos e nenas do segundo ciclo de Educación Infantil cambien o calzado á chegada á escola tendo calzado específico para o seu uso exclusivo no ámbito escolar. Esta recomendación podería facerse extensiva ao resto dos niveis educativos si se considerase oportuno.
- Limitarase o uso de material persoal dos nenos e nenas, e este deberá entregarse desinfectado, marcado, lavado, pechado en bolsas de plástico e evitarase que estes saian do centro.

9. Medidas nas aulas:

- Evitarase ou reducirase ao máximo posible as interaccións e intercambios entre o alumnado das distintas aulas ao longo da xornada.
- Aumentar o espazo entre escritorios (polo menos 1 metro) e colocalos todos nun mesmo sentido de maneira que todo o alumnado dirixa a súa mirada cara ao encerado. **Graduar os recunchos / descansos e xantares.**
- En caso de ser necesario a **realización de traballo grupal tentarase manter a distancia indicada de 1,5 metros.** Aconsellase, así mesmo, a utilización de **máscara polo grupo durante a duración da tarefa grupal.**
- Co obxectivo de restrinxir o risco de exposición, limitaranse aquelas actividades deportivas que se desenvolvan con contacto físico directo, en clases de educación física, deportes ou outras actividades físicas, así como os xogos en parques infantís, áreas húmidas e vestiarios.

10. Medidas nos momentos de merenda e xantar:

- **A merenda servirase de xeitos individualizado, non podendo ser compartida entre o alumnado.**
- **Diversificarase o lugar onde se sirvan as comidas incluso coa implantación de dúas quendas para entrar ao comedor.**
- Manteranse as distancias de seguridade entre nenos e nenas nas mesas de comedor. Para iso é moi útil, eliminar cadeiras dos devanditos comedores.
- **Evitarse o intercambio de comida e utensilios.**

11. Medidas nos momentos de recreo:

- A hora de recreo será espazada entre as distintas clases, procurando manter a necesaria distancia física.
- Fomentaranse propostas de ocio en pequenos grupos onde coincidan nenos e nenas no mesmo espazo. Uso de materiais que se poidan limpar e desinfectar, axeitados ao grupo de idade e para o seu uso por pequenos grupos.
- Habilitarase o número máximo de espazos dispoñibles para o recreo, de forma que permita a existencia de certa separación física entre os nenos e nenas que coincidan no recreo.
- Dar prioridade ao uso da zona exterior da escola, utilizando as medidas de hixiene necesarias e restrinxir o uso de areeiros.
- Ventilación frecuente de todos os espazos interiores, aproveitando as saídas ao exterior ou zonas comúns.

12. Medidas para as familias e titores/as do alumnado:

- A entrega e recollida do alumnado farase por unha soa persoa que acudirá debidamente protexida cunha máscara e manterá en todo momento as distancias de seguridade co resto do persoal da escola e outras familias, nunha marxe de media hora previa e posterior ao período das clases.
- As familias non pasarán ao interior do centro, salvo por indicación do persoal e será obrigatorio a utilización de calzas. En todo momento se manterán as distancias de seguridade.
- As nais e pais non deberán acceder ao interior do centro agás por solicitude expresa do persoal do centro.
- Os carriños non se poderán deixar dentro do centro.

- Fomentarase o uso das tecnoloxías de comunicación como as videochamadas para as entrevistas cos/as titores/as. Se non fose posible, solicitarase cita previa tomando as medidas necesarias de distanciamento físico, uso de máscara e hixiene de mans previo.
- As reunións de inicio e fin de curso, substituiranse por reunións previamente organizadas por aulas, coa asistencia dunha soa persoa por familia, sempre fóra do horario lectivo e gardando as medidas preventivas necesarias.

C) Control da infección polo SARS-CoV-2

Esta liña recolle o conxunto de intervencións sanitarias que tratan de evitar que as persoas infectadas pola COVID-19 diseminen a infección:

- Control dos casos confirmados e dos sindrómicos sen confirmación que non precisaron ingreso hospitalario adoptando medidas de illamento domiciliario ou nos espazos designados a tal efecto se fose preciso. No caso dos casos COVID-19 confirmados, seguimento mediante teleasistencia (TELEA) ou telefonicamente.
- Control dos pacientes diagnosticados de COVID-19 tras a alta hospitalaria mediante teleasistencia (TELEA), se fose necesario continuar co illamento domiciliario. Realizarase seguimento telefónico nos casos nos que non se poida utilizar Telea.
- Mantemento intensivo da estratexia de detección precoz de casos.
- Control e seguimento dos contactos estreitos dos casos COVID-19 confirmados.

6.1. MEDIDAS ESPECÍFICAS SEGUNDO O CICLO EDUCATIVO

6.1.1. Segundo ciclo de Educación Infantil (3-6 anos)

Estas son ciclos en que existe dificultade en cumprir as medidas de distanciamento. Aínda que non existe unha evidencia clara sobre o mecanismo de transmisión do virus parece ser que esta non é superior neste grupo de idade que na poboación xeral.

Nas clases de alumnos do segundo ciclo de Educación Infantil, debe seguirse recomendación similares as previas do Primeiro Ciclo no relativo a comedores, xogos en patios, etc... xa que estes nenos non son capaces de manter as medidas de protección respiratoria e distanciamento físico.

- Se os nenos e nenas presentasen síntomas como temperaturas superior a 37°C, signos de infección respiratoria de vías altas ou outra patoloxía, deberán permanecer no seu domicilio e solicitar unha consulta co seu pediatra. Cumprirán a corentena se tivesen contacto estreito con algún caso covid positivo. **Non será preciso a xustificación da baixa polo pediatra, abondará coa xustificación da ausencia asinada pola nai/pai ou titores.**
- **Poderanse manter as actividades extraescolares non incluídas na ensinanza regrada sempre que cumpran cos criterios establecidos de hixiene de mans e a utilización de máscaras se non se puidese cumprir coas medidas de distanciamento.**
- **Fomentarase as propostas en pequeno grupo onde coincidan poucos nenos e nenas no mesmo espazo.** O uso de materiais que se poidan limpar e desinfectar, axeitados segundo o grupo de idade, xerando distintas posibilidades de xogo.
- A pesar de que nestas idades é moi difícil seguir as normas de distancia e medidas protectoras, neste período non se aconsella o uso sistemático de máscara por parte dos alumnos xa que é moi difícil de cumprir. Extremaranse as medidas de prevención e mantemento do distanciamento físico no posible.

6.1.2. Educación Primaria (6-12 anos)

Neste grupo de idade, e como norma xeral, **recoméndase flexibilizar o horario de entrada e saída dos centros escolares, reducir o tempo presencial no posible, establecer horarios por quendas e combinar períodos de actividade académica presencial coa no presencial.**

- No inicio do curso lectivo darase un contido formativo ao alumnado co obxectivo de cumprir coa normativa do distanciamento físico e a aprendizaxe por grupos máis pequenos das normas de hixiene.
- **Recomendase adecuar ao tempo imprescindible o recreo no patio para previr os contaxios.**
- **Recomendase a utilización de máscara e de distanciamento físico nos períodos ou situacións de maior risco como a circulación polos corredores ou as actividades grupais que non permitan manter o distanciamento físico.**

6.1.3. Educación Secundaria Obligatoria (12-16 anos)

Estímase que neste período o nivel de risco de contaxio pode ser máis baixo porque o alumnado xa aprendería a responsabilidade das medidas de distanciamento, hixiene e protección, pero estas deberán reforzarse.

A prevista mestura de contido presencial con contido online debe organizarse de forma adecuada para non incidir en inequidades relacionadas ao nivel socioeconómico.

6.1.4. Bacharelato (16-18 anos)

Nesta etapa escolar, o alumno xa ten as competencias adecuadas para o mantemento da distancia física e o adecuado uso de máscaras e a hixiene de mans. **Deberá incidirse en diminuír o número de alumnos por aula, polo que será necesario definir a turnicidade adecuada se non se pode manter unha separación mínima de 1 metro entre cada escritorio dos alumnos sempre que se manteña unha distribución todos sentados en fila e no mesmo sentido.** Proponse que se esta distancia non se pode manter, poderanse utilizar máscaras de protección ou establecer unhas quendas do

grupo-aula que permita un distanciamento adecuado. Desta forma un grupo tería actividade presencial (priorizando as materias esenciais) e o outro grupo tería actividade educativa online.

O momento do recreo debe ter a duración máis axustada posible, establecendo quendas que permitan unha distribución do espazo que facilite o necesario distanciamento físico.

6.1.5. Formación Profesional

Nesta etapa educativa, os alumnos teñen adquiridas as competencias que garantan o necesario distanciamento físico, a utilización de máscaras e a hixiene de mans. Un dos aspectos diferenciais da Formación Profesional, son as aulas prácticas. Manterase neste caso, as indicacións de distanciamento mínimo de 1 metro entre os escritorios indicado para os demais ámbitos académicos.

6.1.6. Centros de Educación Especial

Nestes centros cumpriranse as medidas xerais que se definen neste documento. Estes nenos e nenas de forma xeral presentan unha maior dificultade no cumprimento das normas establecidas de mantemento da distancia física, e hixiene de mans e respiratoria necesarias como prevención da transmisión do coronavirus SARS-CoV 2. Por iso, establecerase como norma para os docentes e persoal en contacto con eles a utilización obrigatoria de máscara de protección e pantalla facial se fose necesario. O uso de pantallas faciais será utilizado como norma polo profesorado de audición e linguaxe na súa actividade habitual.

6.2. ESTABLECEMENTO DAS FASES DA REACTIVACIÓN NO ÁMBITO EDUCATIVO

Nos supostos no que exista un abrocho de dimensión importante ou que sexa como consecuencia da finalización dunha situación de suspensión de actividade lectiva presencial, recoméndase unha posible reactivación por fases. A determinación da súa necesidade e as eventuais fases corresponderá á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Cada unha destas etapas terá unha duración aproximada dunha semana. Non se poderá avanzar á seguinte se non se obteñen os obxectivos descritos.

Os criterios recomendados para a organización das intervencións educativas durante o curso será o seguinte:

1. Priorizarase que os alumnos da mesma aula poidan estar xuntos, sempre que se poida garantir un espazo mínimo entre os escritorios de 1 metro. Coa intención de diminuír a transmisión das gotas de Pflügge, establecerase que na clase se manteñan os alumnos sentados no mesmo sentido na medida do posible. En caso ter que realizar traballo grupal sen cumprir co distanciamento físico utilizarase máscara por parte das persoas participantes.
2. Se non fose posible conseguir esta garantía de distanciamento físico, optarase por dividir a aula en dous grupos, de forma que se habilite outro espazo dentro do centro escolar que permita seguir a clase de forma simultánea por medios telemáticos de streaming ao segundo grupo.
3. Se se detectaran dificultades para a emisión simultánea tal como se describe no punto 2, establecerase un espazo específico dentro do centro escolar en que os alumnos desenvolvan actividades educacionais alternativas.
4. Como última alternativa, proporase a división da aula en dous grupos e exista unha alternancia de ambos grupos para a asistencia presencial á clase por

días, de forma que o grupo que non acuda á clase presencial teña clase de forma telemática.

5. En todos os casos, deberá levarse a cabo un incremento das actividades lectivas dixitais que permitan aos alumnos reforzar os coñecementos adquiridos no centro educativo.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe dos alumnos incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. O modelo proposto establece catro fases:

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)

Duración: aínda que pode ter unha duración variable, aconsellase que sexa dunha semana.

Nesta primeira fase, previa ao inicio do curso escolar, será o claustro do profesorado do centro quen estableza as actuacións a desenvolver.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo dos alumnos, distribuíndo os escritorios de forma que se consiga unha distancia de 1 metro entre eles.
- Identificación dun lugar onde dispoñer o calzado específico durante a estancia no centro
- Definición dos circuítos de circulación interna.
- Organización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada
- Organización das quendas para o horario da comida.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do **30%**.

Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

- Formar aos alumnos na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación dos alumnos polos corredores do centro.
- Formar aos alumnos nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar aos alumnos das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do **60%**.

Nesta fase os alumnos continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

- Establecemento de criterios claros de entrada e saída dos alumnos de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.

4. Fase 4 (Fase de reactivación)

Duración: 1 semana

A porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do **100%** se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física.

Nesta fase xa todos os alumnos coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para os alumnos.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

Táboa resumo das accións en cada fase

Fase 1 (duración variable)	Fase 2 (unha semana)	Fase 3 (unha semana)	Fase 4 (unha semana)
<p>Nesta primeira fase, previa ao inicio do curso escolar, será o claustro do profesorado do centro quen estableza as actuacións a desenvolver</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. - Adecuada distribución do espazo dos alumnos, distribuíndo os escritorios de forma que se consiga unha distancia ao menos de 1 metro entre eles. - Identificación dun lugar onde dispoñer o calzado específico durante a estancia no centro - Definición dos circuitos de circulación interna. - Organización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada - Organización das quendas para o horario da comida. 	<p>Porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 30%.</p> <p>Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formar aos alumnos na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans. - Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase. - Utilización do espazos e circulación dos alumnos polos corredores do centro. - Formar aos alumnos nas medidas de distanciamento físico no recreo. - Informar aos alumnos das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2 	<p>Porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 60%.</p> <p>Nesta fase os alumnos continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de criterios claros de entrada e saída dos alumnos de forma progresiva. - Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos. 	<p>Porcentaxe de alumnos na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula ao menos de 1 metro de distancia física.</p> <p>Nesta fase xa todos os alumnos coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.</p> <p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reforzo e fomento de hábitos aprendidos. - Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para os alumnos. - O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

7. LIÑAS DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO DE PROTECCIÓN DE MENORES

Dentro deste capítulo, definiranse as medidas conxuntas de prevención da transmisión do sistema de protección de menores. Neste contexto defínense os seguintes recursos:

- A) **Centros de protección de menores e de reforma:** son aqueles establecementos destinados ao acollemento residencial de menores nos que se asumiu a tutela ou garda. En canto aos centros de reforma son centros de internamento que se encargan de acompañar ao/á menor nas medidas privativas de liberdade establecidas polo sistema de Xustiza. Nestes centros, o sistema de protección de menores procura os obxectivos de reinserción e reeducación dos menores.
- B) **Centros de día do sistema de protección de menores:** trátase dunha medida de apoio aos nenos, nenas e adolescentes que, aínda convivindo no seu núcleo familiar, precisan dun reforzo para mellorar o seu desenvolvemento social e a súa integración familiar e social.
- C) **Centros de intervención educativa en medio aberto (CIEMAS):** son un recurso non residencial que constitúe o equipamento de referencia para a execución das seguintes medidas non privativas de liberdade: tratamento ambulatorio, asistencia a cento de día, permanencia de fin de semana, liberdade vixiada, convivencia con persoa familia e grupo educativo, prestacións en beneficio da comunidade, tarefas socioeducativas e permanencia en domicilio fin de semana.
- D) **Puntos de encontro familiar:** estes están constituídos por servizos destinados a favorecer o dereito dos/as menores a relacionarse cos seus proxenitores. Son lugares físicos idóneos, neutrais e seguros para facilitar o réxime de visitas dos/as menores coas súas familias.

7.1. LIÑAS DE ACTUACIÓN XERAIS

Establécense as seguintes liñas de vixilancia, prevención e control xerais para todos eles, na medida na que sexan aplicables:

A) Vixilancia da infección polo SARS-CoV-2

Para deter a transmisión comunitaria e evitar a aparición de novos abrochos é necesaria un labor de vixilancia e monitoraxe continua, tanto para a detección precoz de novos casos e dos seus contactos, como para o seguimento deles. Non se xustifica nos menores o illamento preventivo realizado de forma sistemática se non se debe a causas de proceso infecciosos obxectivas.

Para elo, realizaranse as seguintes actividades:

1. Cada centro deberá identificar un centro de saúde de referencia co persoal e datos de contacto que respondan inmediatamente ante calquera cuestión, sospeita ou incidencia.

2. Detección precoz no **persoal**:

- Autoavaliación e rexistro diario de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no persoal e convivintes mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I.
- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible no persoal, indicaráselle illamento preventivo domiciliario e realizaráselle un test diagnóstico en 24 horas.
- O novo persoal que se incorpore ao centro debe realizar unha enquisa do entorno de convivencia, actividade laboral previa e concomitante.

- Recoméndase a menor rotación posible do persoal, organizando equipos estables para reducir os contactos.

5. Detección precoz nos nenos, nenas e adolescentes :

- Nos centros residenciais realizarase seguimento proactivo para a detección de sintomatoloxía compatible coa COVID-19 mediante a realización da primeira parte da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I. **Se detéctase sintomatoloxía compatible contactarse inmediatamente co centro de saúde ou persoal sanitario de referencia.**
- Nos centros de atención diúrna, avaliación diaria na casa de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I.
- Se detéctase sintomatoloxía compatible na casa, o neno ou nena non acudirá ao centro e contactarse inmediatamente co centro de saúde de referencia.
- Vixilancia activa polo persoal de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 nos nenos, nenas e adolescentes durante a súa permanencia no centro de atención diúrna. Ante a detección de síntomas compatibles, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra que valorará a necesidade de realización dunha proba diagnóstica do SARS-CoV 2. Se o pediatra non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a necesidade da realización dun test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario de referencia do centro.
- Habilitarase un espazo no centro para illar a aqueles nenos, nenas e adolescentes nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado, debendo permanecer sempre coa máscara posta.

B) Prevención da infección polo SARS-CoV-2

A estratexia desta liña de actuación baséase na aplicación de medidas dirixidas a protexer ás persoas menores e ao persoal, reducindo a probabilidade de contacto cos casos coa infección por SARS-CoV-2 a través da adopción de determinadas medidas.

1. A educación sanitaria, como proceso de información, motivación e axuda para non baixar a garda e adoptar ou manter as boas prácticas de prevención da enfermidade. Cómpre desenvolver un intenso labor neste sentido, incidindo nos seguintes aspectos:

- Concienciación e interiorización da magnitude do problema: débese resaltar dunha parte, a idea de que a epidemia non se erradicou, co obxectivo de evitar a relaxación na aplicación das medidas preventivas tanto do persoal como das persoas residentes, e doutra, a necesidade da implicación da poboación no cumprimento das indicacións establecidas polas institucións, nun exercicio de responsabilidade individual e colectiva.
- Medidas de protección: informar e formar sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas. Esta formación estará creada pola Consellería de Sanidade. Nestas destacan:
 - Establecer persoal de referencia en cada centro para garantir o coñecemento e a aplicación das medidas de protección e hixiene, se fose posible.
 - Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
 - Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón ou con solucións hidroalcohólicas.

- Á entrada ao centro, esixencia a persoal e visitantes da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento.
- Habilitar dispensadores de solución alcohólica na entrada e en espazos comúns (zonas de visitas, cafeterías).
- Aplicar medidas de reforzo para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro: sinalización con cartelaría, iluminación ao dispensar, etc.
- Xerar dinámicas para que os nenos e nenas realicen hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos a actividades, entrada no comedor) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables nas salas de espera e espazos comúns.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria para os nenos, nenas, visitantes (persoa de referencia) e o persoal:
 - ✓ Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira, ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
 - ✓ Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos contaminados, realizar hixiene de mans.

- ✓ Respetar a distancia mínima dun metro entre as persoas presentes na escola e manter este espazo dun metro entre os escritorios.
- Utilización de máscara en todos os espazos do centro, tanto por parte do persoal como das visitas.
- Estableceranse plans de formación e información continua do persoal para o mantemento de todas as medidas de seguridade dos residentes, especialmente na hixiene de mans.

2. Intensificación da limpeza e desinfección do centro:

- Estableceranse programas intensificados de limpeza no centro, con especial atención ás zonas onde poidan transitar maior número de persoas e as superficies de contacto frecuente como varandas e pasamáns, botóns, pomos de portas, mesas etc. Tamén incluírase neles a ventilación de habitacións e espazos comúns. Estes programas serán obxecto de avaliación na inspección de servizos sociais.

3. Medidas de distanciamento:

- Medidas de distanciamento social: mantemento da distancia de seguridade entre persoas (ao menos 1,5 metros) e evitar as aglomeracións ou espazos con moitas persoas.
- Regular o acceso ás actividades en zonas comúns, distribuíndo estas actividades en quendas, de tal forma que en cada quenda, cada participante poida manter a distancia de seguridade, ao menos 1,5 metros, respecto ao resto de participantes.

- Adecuar os comedores colectivos para cumprir coa distancia de seguridade, situándose na medida que sexa posible a 1,5 metros de distancia. Para iso é moi útil, eliminar cadeiras dos devanditos comedores.
- Cada centro impedirá en toda a súa área as aglomeracións de xente, sexan visitantes, persoal, nenos ou nenas.

4. Medidas para o persoal e equipos de protección individual (EPIs):

Control (polo menos semanal) polo persoal responsable de aprovisionamento e das necesidades de EPIs para a atención de casos sospeitosos.

5. Medidas para as persoas que asisten aos centros por motivos profesionais:

- Cando persoal alleo ao centro asista a este por motivos profesionais (como levar material ou outros abastecementos) soamente poderá acceder a unha zona na entrada do edificio ou establecer circuitos diferenciados para evitar o seu contacto coas persoas do centro.
- Elaborarase unha listaxe de persoas que asisten ao centro para facilitar o seguimento dos contactos se fora necesario.

C) Control da infección polo SARS-CoV-2

Esta liña recolle o conxunto de intervencións que tratan de evitar que as persoas infectadas por COVID-19 diseminen a infección:

- Control dos casos confirmados e dos sindrómicos sen confirmación adoptando medidas de illamento. No caso dos casos COVID-19 confirmados, actuarase segundo o indicado polo equipo sanitario de referencia nos centros residenciais e segundo o establecido no plan de continxencia. Nos casos dos centros de atención diúrna que non

precisaron ingreso hospitalario se adoptarán medidas de illamento domiciliario, seguimento mediante teleasistencia (TELEA) ou telefonicamente.

- Control dos pacientes diagnosticados de COVID-19 que precisaran de illamento tras a alta hospitalaria mediante teleasistencia (TELEA) ou telefonicamente.
- Mantemento da estratexia de vixilancia, control e detección precoz de casos.
- Control e seguimento dos contactos estreitos dos casos COVID-19 confirmados.

7.2. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NOS CENTROS RESIDENCIAIS DE PROTECCIÓN DE MENORES E DE REFORMA

7.2.1. Saídas dos nenos, nenas e adolescentes dos centros de protección de menores

As saídas nestes centros axustaranse ao establecido na lexislación vixente en cada momento.

Deste xeito os centros poderán organizar estas saídas da forma máis adecuada para o desenvolvemento da actividade xeral do centro, a coordinación de todas as saídas das persoas residentes e garantindo as condicións de prevención da enfermidade.

As condicións en que se van desenvolver estas saídas deberán ser comunicadas á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. As saídas realizaranse, en todo caso, extremando as medidas preventivas, hixiénicas e de seguridade e o resto das normas xenéricas establecidas para estas saídas na normativa específica.

Estas saídas deben levarse a cabo coa adopción por parte do persoal educador así como dos/as menores das medidas de protección axeitadas e de xeito que se garanta a distancia física.

7.2.2. Visitas de familiares aos centros

Cada centro analizará as posibilidades de articular as visitas coa frecuencia que considere necesaria de xeito que lle permita conciliar o dereito a visitas de todos os seus residentes, informando de cada caso ao Equipo Técnico de Menores (ETM).

Medidas para o seu desenvolvemento:

- Deben garantirse todas as medidas preventivas: proporcionáranse máscaras, se é o caso, e xel desinfectante para cada neno, nena ou adolescente e adulto e se desenvolverán coa debida supervisión dos educadores e educadoras do mantemento das normas de distanciamento físico, hixiene e prevención.
- Con carácter previo á realización das visitas contactarase coa familia co fin de obter información sobre o estado de saúde das persoas que constitúen a unidade de convivencia realizando a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no anexo I. No caso de que algún membro da unidade de convivencia presente sintomatoloxía asociada ao virus non poderán acudir a realizar a visita en tanto a situación non remita. En todo caso o centro poderá establecer mecanismos de control establecidos na enquisa clínico-epidemiolóxica .
- O centro pode limitar as visitas de persoas consideradas grupos de risco ante a COVID 19 (maiores de 70 anos, patoloxías cardíacas ou respiratorias,...). Con todo valorarase a posibilidade de permitir estas visitas, cando as únicas persoas de referencia para o neno, nena e adolescente pertencen a estes grupos de risco e en función do seu estado de saúde xeral e da imposibilidade de favorecer outro tipo de contactos (exemplo: avós e avoas con grandes vinculacións e sen outros referentes familiares).
- Visitas supervisadas en canto ao mantemento do distanciamento físico e en canto á correcta aplicación das medidas hixiénicas. Estas visitas terán unha

duración máxima de 1 hora (salvo excepcións puntuais de acordo co criterio do centro).

- A visita producirase unicamente entre 1 adulto e un máximo de 3 nenos, nenas ou adolescentes. Así, no caso de que haxa dous adultos con dereito a visitas estableceranse quendas.
- A frecuencia das visitas variará en función das circunstancias do menor, da familia e da dispoñibilidade do centro, en todo caso oscilarán entre 1 visita semanal e quincenal, a proposta do centro e co coñecemento do ETM.
- A visita será interrompida e valorarase a suspensión das seguintes, no caso de que a persoa adulta visitante non cumpra as normas hixiénicas do centro.
- Lugar onde se efectúe a visita: Desenvolverase en espazos diferenciados da zona de convivencia: inmobles anexos, instalacións exteriores do propio centro, espazos verdes próximos no caso de centros da contorna. De acordo co criterio do centro e do plan de caso previo, poderanse realizar paseos curtos preto do centro con ou sen acompañamento educativo. Os espazos interiores serán desinfectados con posterioridade a cada visita.
- Durante a visita nun espazo pechado soamente poderán utilizarse xoguetes propios do centro. Limitarase o número de xoguetes e someteranse a limpeza e desinfección despois de cada visita.

Excepcionalmente, se o centro considera adecuada e posible esta opción, co coñecemento do ETM, poderán levar aos nenos, nenas e adolescentes ás localidades de residencia dos familiares para realizar as visitas en zonas exteriores ou en locais habilitados para o efecto polos servizos sociais do concello, pero sempre garantindo todas as condicións hixiénicas e de prevención.

Continuarán potenciándose outras formas de contacto: videochamadas diarias, escritura de notas e cartas, fomentando a reciprocidade para que os familiares tamén o realicen.

Tratarase de facilitar aos pais e as nais, os medios de desprazamento para as visitas, en coordinación cos Servizos Sociais de zona.

7.2.3. Saídas dos nenos, nenas e adolescentes aos domicilios familiares

Estas saídas terán unha abordaxe individualizada tendo en conta as necesidades do menor e o momento oportuno para o seu inicio. O centro elaborará unha proposta que será aprobada polo ETM.

Na análise terase en conta as distintas situacións familiares relativas á COVID 19: casos posibles ou confirmados, condicións hixiénicas da vivenda e de habitabilidade, número de persoas que conviven, idades, enfermidades e calquera outra cuestión que poda afectar ás posibilidades de contaxio ou transmisión da enfermidade.

O equipo directivo do centro realizará a proposta de saídas dos nenos, nenas e adolescentes residentes tendo en conta, ademais dos criterios habituais para as saídas, o conxunto de saídas dese centro e a data de retorno co fin de garantir os posibles illamentos.

Antes do permiso o persoal do equipo educativo debe contactar coas familias co fin de darlles pautas de hixiene no domicilio e garantir o cumprimento no mesmo das obrigas en materia de protección e distanciamento físico. Así mesmo debe realizar a enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no anexo I ao saír do centro.

Durante o permiso de fin de semana e antes da súa incorporación ao centro o persoal educativo do centro debe contactar co menor e a súa familia co fin de interesarse sobre o seu estado de saúde. No caso de que algún membro da familia ou o propio menor presente algunha sintomatoloxía compatible coa COVID 19, infórmase de que debe poñerse en contacto cos servizos sanitarios e proceder segundo as súas indicacións. Os profesionais do centro farán un seguimento da situación do menor e a súa familia co fin de valorar ou non o seu retorno ao centro en función das circunstancias que concorran.

No regreso das saídas de fin de semana, que se producirá de forma graduada, o centro debe adoptar as seguintes previsións:

- Hixiene de mans e cambio de roupa e calzado previos á incorporación da persoa menor no fogar ou habitación correspondente.
- Limpeza e desinfección da roupa, calzado e demais pertenzas que traia consigo o menor e que non son necesarias.
- Vixilancia proactiva dos menores á súa volta ao centro na busca de síntomas respiratorios como febre, tos seca ou dificultade para respirar. No suposto de que a persoa menor presente algunha sintomatoloxía compatible coa COVID-19, separarase inmediatamente do grupo e levarse a unha estancia illada, colocaráselle máscara, intensificarase a hixiene de mans e facilitaráselle luvas.
- A dirección do centro poñerase en contacto cos servizos sanitarios e seguirá as súas indicacións.

7.2.4. Aparición de casos positivos da COVID-19 nun centro residencial

Se aparece un caso positivo da COVID-19 suspenderase as visitas e as saídas e tomaranse as medidas de illamento dos casos positivos seguindo o establecido polo equipo sanitario de referencia e no Plan de continxencia do centro.

7.2.5. Novos ingresos

Aos novos ingresos realizaráselles a enquisa clínico-epidemiolóxica COVID-19 (Anexo I) e extremaranse as medidas de distanciamento establecidas neste protocolo. Ademais, realizarase unha vixilancia intensiva do seu estado de saúde atendendo principalmente aos síntomas compatibles coa COVID-19. Se estes apareceran estaría indicada a realización dun test diagnóstico. A dirección do centro poñerase en contacto cos servizos sanitarios e seguirá as súas indicacións

7.3. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NOS CENTROS DE DÍA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN DE MENORES

A atención de día de carácter presencial se retomará de xeito gradual comenzando polas instalacións exclusivas de atención de día ou que teñan espazos diferenciados do acollemento residencial.

Para o inicio desta actividade presencial ás instalacións deberán adaptarse, de seren o caso, para garantir as medidas de prevención establecidas nas normas xerais (hixiene, desinfección, equipos de protección, medidas de distanciamento etc.). Para cumprir estas normas, establecerase a prioridade na atención e organizarase a intervención de xeito gradual en virtude da gravidade dos casos para o que poderanse establecer quendas de mañá e tarde.

Na atención aos nenos, nenas e adolescentes prestarase especial atención ás medidas de distanciamento físico entre os usuarios e co persoal e non se producirá a incorporación de ningún usuario/a que sexa considerado grupo de risco. Tampouco acudirá ao centro ningún neno, nena ou adolescente que teña síntomas compatibles coa COVID-19 ou con membro da familia con esta sintomatoloxía.

Nos casos de especial gravidade atendidos por centros que non retomen actividade, valorarase polo Equipo Técnico do Menor a posibilidade de asumir a garda ou de derivalo ao centro de atención de día presencial máis próximo que retome a actividade, se iso fora posible. En caso contrario, realizarase unha intervención intensiva do caso poñendo a disposición do mesmo todos os recursos posibles (atención non presencial do centro de atención de día de referencia, colaboración cos servizos sociais do concello e calquera outro programa de apoio familiar que poda implementarse no caso).

7.3.1. Aparición de casos positivos da COVID-19 nun centro de día

Se aparece un caso positivo da COVID-19 nun centro de día, valorarase realizar un test diagnóstico a todo o persoal, nenos, nenas e adolescentes de existir sintomatoloxía compatible coa COVID-19.

Ademais, no centro realizarase unha limpeza e desinfección en profundidade complementada con técnicas que maximicen o contacto con todo o entorno (limpeza de superficie mediante vaporización).

Por último, avaliarase se é necesario pechar o centro durante un período de 15 días.

7.4. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NOS CIEMAS

Priorizaranse as intervencións mediante o uso de medios telemáticos e retomárase gradualmente outro tipo de intervencións, tendo en conta as limitacións marcadas nas distintas fases da reactivación ate chegar a unha situación de normalidade.

Estas intervencións se verán limitadas polas características do propio equipamento e a necesidade de adoptar as medidas de distanciamento físico. Para elo, se fixará, previo acordo co Xulgado competente e co Equipo de Medio Aberto da Xefatura Territorial competente, aquelas intervencións que deben retomarse de forma presencial nun primeiro momento desta fase de reactivación.

As entrevistas se levarán a cabo de forma individual con cada persoa menor e os horarios de asistencia ao centro de cada un se fixarán de forma que estes non coincidan na entrada e saída do centro, evitando así os contactos das persoas menores entre si e limitando o número de educadores presentes no centro en cada momento.

Así, o horario establecido para o CIEMA flexibilizarase en función do número de menores presentes no mesmo e o persoal do equipo técnico que estea desenvolvendo a súa actividade no equipamento. Neste punto cómpre indicar que a intervención presencial no centro de día se complementará nestas fases co persoal que preste os seus servizos na modalidade de teletraballo.

Por outra banda, a Xefatura Territorial competente realizará a citación para a execución das medidas pendentes de forma gradual, previa valoración co xulgado e a entidade executora. A entrevista se fará de forma que permita garantir a protección dos

asistentes e as medidas de distanciamento físico. En caso contrario se utilizarán medios telemáticos.

Naqueles casos en que as medidas a executar leven aparelladas regras de conduta, as obrigas establecidas nas mesmas se retomarán, no caso de verse interrompidas, no momento en que se retome a intervención por parte dos recursos nos que se leva a cabo a execución destas regras de conduta de acordo co calendario establecido no plan de transición cara unha nova normalidade.

A execución das medidas de prestacións en beneficio da comunidade se retomará cando sexa posible a asistencia ao recurso no que se levan a cabo as actividades de interese social, permitindo garantir a protección dos menores que levan a cabo a execución da medida e do persoal e usuarios dos recursos que colaboran na dita execución

As intervencións presenciais cos menores que están ingresados nun centro da rede de protección de menores se iniciarán ou retomarán previo acordo co centro, tendo en conta o protocolo que regula o seu réxime de saídas e visitas.

As intervencións grupais no centro de día (obradoiros, cursos, etc) se retomarán tendo en conta ás limitacións establecidas na normativa vixente. Deberán levarse a cabo en condicións que permitan garantir as medidas de distancia física e coa adopción das medidas de protección necesarias para minimizar ao máximo o risco de contaxio.

As medidas xudiciais de medio aberto que supoñan o desprazamento do persoal educativo a outra localidade dentro da mesma provincia se retomarán na fase II, sempre e cando a situación permita os desprazamentos por estrada e as entrevistas se poidan levar a cabo nas dependencias dos servizos sociais, ou noutros lugares, de acordo co contemplado no plan de reactivación e cumprindo a medidas de prevención, protección, hixiene e distanciamento físico establecidas nestes lugares.

7.5. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NOS PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR

Retomarase a utilización dos Puntos de Encontro Familiar de acordo coas novas normas establecidas para eles e respecto das visitas supervisadas que xa se realizaban nestes centros.

Axustaranse as medidas establecidas para as visitas no centros residenciais de protección de menores (apartado 7.2.2 deste documento).

7.5.1. Aparición de casos positivos da COVID-19 nun punto de encontro familiar

Se aparece un caso positivo da COVID-19 nun punto de encontro familiar, valorarase realizar un test diagnóstico en 24 horas de existir clínica compatible coa Covid-19 a todo o persoal que tivera un contacto estreito co caso positivo no centro.

Ademais, no centro realizarase unha limpeza e desinfección en profundidade complementada con técnicas que maximicen o contacto con todo o entorno (limpeza de superficie mediante vaporización).

Por último, avaliarase se é necesario pechar o centro durante un período de 15 días.

8. LÍÑAS DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO DAS ESCOLAS INFANTÍS DE 0-3 ANOS

A implantación de medidas preventivas nunha escola infantil 0-3, é moito máis complexa que para outros ciclos superiores, toda vez que a maiores da actividade lectiva, esta complementase coa cobertura dunha serie de necesidades básicas como durmir ou xantar, ademais de outras afectivas incompatibles co afastamento social recomendado ante o coronavirus. Os cuidados dun lactante ou dun neno ou nena de 0-3 anos, tanto no fogar como na escola, precisa do estreito contacto humano e dun vencello afectivo que facilite o crecemento físico e emocional dos mais cativos.

Neste contexto é imperativo o establecemento dunha planificación para a reapertura da actividade presencial dos recursos e escolas infantís de cero a tres, espazos infantís e ludotecas.

Trátase de medidas de carácter preventivo que teñen por obxecto a protección de todas as persoas usuarias dos centros, así como de todas as persoas integrantes dos equipos técnicos e resto de persoas traballadoras.

Son medidas dirixidas a minimizar o máximo posible a carga viral nas instalacións, que afectan á organización das diferentes intervencións e funcións que debe desenvolver o persoal, así como os protocolos de actuación coas nenas e nenos, instrucións para as familias e protocolos de actuación para empresas externas e terceiros alleos aos centros. Tamén para as tarefas de limpeza e desinfección, así como á reestruturación de espazos e da xornada laboral segundo proceda en cada caso.

Todas estas medidas serán revisadas en función da evolución da situación epidemiolóxica e da información que trasladen as autoridades sanitarias, e adaptaranse en todo momento ás directrices proporcionadas dende a Consellería de Política Social.

Non obstante, fóra da atención presencial para nenos e nenas seguirase avogando polos métodos alternativos non presenciais, como videoconferencias, contacto telefónico, correos electrónicos, tokapp school... como medios de comunicación

preferente coas familias, minimizando os momentos de atención persoa a persoa, salvo para situacións puntuais.

Para todas estas casuísticas os equipos apoiarán as familias garantindo o seguimento e a atención telefónica continuada sobre información prioritaria para o día a día.

8.1. CUESTIÓN S SOBRE AS MEDIDAS PREVIAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE

- **O servizo de prevención de riscos laborais deberá identificar e valorar as medidas para o persoal especialmente sensible**, coas patoloxías indicadas por Sanidade como perigosas, ademais das traballadoras en estado de xestación, polo que será necesaria a correspondente adaptación do seu posto de traballo, coa posibilidade de que se manteñan en situación de IT, análoga ou de teletraballo.
- **Non ir traballar con febre (> 37°), síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.** Para casos de contactos ou sospeitas, o persoal traballador solicitará consulta no seu centro de saúde.
- **Difundir as recomendacións da autoridade sanitaria** fronte ao coronavirus, mediante carteis no centro de traballo.
- **Recomendación ao persoal para o uso de transporte individual entre os seus domicilios e os centros de traballo de xeito preferente.** De non ser posible, caso de ter que asistir en coche compartido, poderán ir ata dúas persoas por fila de asentos, sempre que utilicen máscaras de protección e respecten a máxima distancia posible entre ocupantes¹⁰. Para o uso de transportes públicos recoméndase usar máscaras hixiénicas.

8.2. CUESTIÓN S RELATIVAS AO MANTEMENTO DA DISTANCIA DE SEGURIDADE

- **Manter 1,5 metros de seguridade** entre persoas traballadoras propias e alleas, e evitar as actividades grupais do persoal dentro do centro. Estas distancias

¹⁰ <https://www.mitma.gob.es/ministerio/plan-de-medidas-para-responder-al-impacto-del-covid-19-en-el-sector-transporte-y-movilidad/faqs/movilidad>

serán de aplicación en xeral con todas as persoas que se relacionen co persoal traballador, agás os nenos e nenas escolarizados e escolarizadas.

- **Efectuar un control adecuado do persoal propio ao centro.** Entradas graduadas e o mesmo nas saídas, que permitan adoptar as medidas preventivas que se sinalan no apartado de limpeza.
- **Efectuar un control adecuado de acceso ao centro doutros operadores terceiros.** Fixar entradas e saídas graduadas nas portas de acceso. Sempre que os centros así o permitan, establecer zonas alternativas de entrada para provedores e terceiros, ou no seu defecto, informar e fixar horas, zonas de acceso e procedementos para entrar na escola, convenientemente organizados pola dirección.
- **Evitar coincidir en espazos pequenos ou reducidos** como vestiarios, zonas de aseo, comedores, almacéns, lavandería e outros similares. En todo caso, a presenza de persoal dependerá da posibilidade de manter distancias mínimas establecidas, procurando non permanecer dentro dos ditos espazos máis aló do tempo imprescindible para o uso e función que ten cada un deles. Deben empregarse preferentemente escaleiras se hai ascensor, e de usalo só de un en un salvo que se precise de acompañante. Se non fose posible garantir a distancia física de seguridade, utilizarase unha máscara de protección.
- **Evitar actividades grupais dos equipos en espazos reducidos.** Dentro daqueles outros previstos para reunións, non debe perderse a distancia establecida entre persoa e persoa, mantendo os lugares debidamente ventilados. Dentro das actividades de planificación e programación, potenciaranse as reunións a nivel de aula/parella e grupo de idade/nivel, que poderán realizarse na escola respectando as distancias. Aquelas outras reunións que signifiquen unha maior concentración de traballadores no mesmo espazo e no mesmo momento, salvo que cando sexa preciso, ou así o vaian permitindo as circunstancias, poderán realizarse en lugares moito máis amplos como salas usos múltiples. Se non fose posible garantir a distancia física de seguridade, utilizarase unha máscara de protección. De non seren posibles, estas actividades pasarán a ser realiza-

das entre as persoas traballadoras por métodos en liña, a través de videoconferencia...

8.3. CUESTIÓN ORGANIZATIVAS

- **Difundir as recomendacións entre os usuarios e usuarias dos centros.**
- Cada centro contará cunha persoa que será responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Esta será a encargada de contactar coa Xefatura Provincial de Sanidade se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste. Estes centros terán un centro de saúde de referencia onde se poida poñer en contacto o responsable da escola infantil para resolver calquera dúbida ou incidencia.
- No caso de aparecer un caso positivo da COVID 19 nunha escola infantil 0-3 valorarase realizar un test diagnóstico en 24 horas de existir clínica compatible coa Covid-19 a todo o persoal que tivera un contacto estreito co caso positivo no centro.
- O persoal da escola infantil 0-3 anos recibirá unha formación previa ao inicio do curso sobre o uso adecuado das máscaras de protección, a hixiene de mans ou a distancia física.
- **Comunicar as medidas preventivas** adoptadas a outras empresas, autónomos e persoas que poidan prestar algún servizo no centro. Difundirase a información e normas de acceso, permanencia e traballos que se van realizar dentro dos centros entre empresas que presten os seus servizos e os seus traballadores (persoal de cociña, limpeza, subministracións, servizos, mantemento, xardinería e outros) sobre cantas medidas preventivas se adopten.

- **Valorar por parte dos equipos do centro a necesidade de establecer quen-das** de entrada, saída, comedores e outros para todo o persoal do centro, que se modulará en función do número de traballadores e traballadoras, ratios de nenos e nenas en aulas, e outros factores propios de cada centro, tendo sempre en conta as medidas de distancia entre eles e todas aquelas que eviten os contaxios entre traballadores e traballadoras.
- Tomaranse as medidas organizativas pertinentes de cara á **distribución do persoal** en función das ratios e número de unidades abertas, así como dos diferentes momentos da xornada, e **reparto das tarefas**.
- Organizar e escalar as entrada e saídas con **tempo previo suficiente para organizar** as recollidas e entregas dos nenos e nenas e a súa condución ata as aulas.
- **Limitar as tarefas que impliquen contacto entre o persoal concorrente** nos diferentes espazos, momentos e rutinas diarias, como a coincidencia co persoal de limpeza.
- Prevención do estrés laboral a través **dunha formación e pautas de actuación claras** ante posibles situacións que o ocasionen.
- **Adaptar o posto de traballo ou limitar tarefas** a aqueles traballadores e traballadoras que sexan máis vulnerables á infección sempre tras unha avaliación polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da empresa.
- Reforzar a **prevención de riscos propios da actividade** coa implementación dos produtos de desinfección, limpeza e EPIS que se sinalen para cada tarefa.
- Unha vez recollidos todos os nenos e nenas, **as portas da escola deberán permanecer pechadas**.

8.4. CUESTIÓNS REFERIDAS Á HIXIENE E LIMPEZA

- **Reforzar** a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Utilizaranse o listado de virucidas indicados polo Ministerio de Sanidade¹¹.
- **Intensificaranse as frecuencias de limpeza de elementos máis comunmente usados e tocados**, sobre todo nos momentos de entrada e saída de usuarios e usuarias ao centro. O persoal deberá prestar especial atención a estas tarefas e **reforzaranse as medidas de limpeza** en todo momento e en especial no de entrada e saída.
- **A roupa de traballo será de uso exclusivo do centro**. En ningún caso se virá da casa con ela posta. Á chegada á escola procederase ao cambio da roupa persoal pola de traballo, gardándoa adecuadamente e separada da do resto do persoal. Ao final da xornada lavarase conforme ás normas xerais establecidas polas autoridades sanitarias, de **xeito preferente no centro**. Esta roupa será de uso exclusivo dentro da escola. Da mesma forma, actuarase se se sae da escola durante o descanso, ou deber inescusable (por exemplo cita médica) e tomaranse as mesmas precaucións. O mesmo sucederá co calzado que se use no centro.
- Os traballadores e traballadoras preferentemente quitarán **o calzado da rúa á súa chegada ao centro**, no espazo convido para esta medida, desinfectarano e gardarano nunha bolsa de plástico, de xeito que se minimize a circulación polos espazos comúns de uso diario de nenos, nenas e do persoal co calzado do exterior (en caso de non proceder deste xeito, polo menos usaranse calzas para o acceso). Tras a súa retirada, pasarase aos vestiarios onde se procederá a gardalo. Na mesma entrada os traballadores ou traballadoras procederán á desinfección das mans con ou sen luvas ata que poidan lavalas convenientemente con auga e xabón nos vestiarios.

11 https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf

- **Manter os vestiarios o mais diáfanos posible**, prescindindo de todo o superfluo (excedente de roupa e outras pertenzas persoais) que facilite a súa limpeza e a das taquillas.
- Non procede nin á entrada nin á saída do centro ir vestidos coa mesma roupa. Da mesma forma, actuarase se se sae da escola durante o descanso, ou deber inescusable (por exemplo cita médica) e tomaranse as mesmas precaucións.
- **Recomendación do lavado das mans como medida preventiva fundamental para previr a transmisión do virus.**

Facilitar o lavado frecuente das mans con agua e xabón como primeira opción, dispoñendo de xabóns en todos os baños de adultos e nenos e nenas, así como nos puntos de auga dos que se dispoña en aulas e/ou zonas de preparación de alimentos ou de solucións hidroalcohólicas para determinados momentos e rutinas que non permitan o lavado entre acción e acción. No caso de uso destas solucións, determinarase un lugar específico para o seu almacenaxe que non teña risco de inflamabilidade.

- **O secado de mans será con papel dun só uso** e non se empregará a lencería dispoñible no centro. Disporase de papeleira con tapa e pedal. Non utilizar secadores de mans de aire, nin sistemas de limpeza de aire.
- **Usar luvas dun só uso sempre para recoller pedidos, mercancía ou albarás, correo**, así como na manipulación de obxectos que proveñan de fóra da escola como mochilas e bolsas de nenos e nenas, axendas e outros, que se retirarán inmediatamente despois de realizada a respectiva tarefa, con posterior lavado de mans. Recoméndase preferiblemente lavado de mans **para o momento de hixiene das cativas e cativos entre cambio e cambio. Para os momentos de alimentación tamén será recomendable o uso de luvas.**
- **Cando se retiren as luvas deberán observarse as recomendacións** para a súa retirada, desbotándoas de xeito correcto nun recipiente con tapa, e procedendo de xeito inmediato ao lavado correcto das mans. As luvas poden xerar

unha propagación da suciedade e os virus se non se usan de modo correcto, poden xerar unha falsa sensación de seguridade e servir de contaxio tanto para o/a traballador/a como para os nenos e nenas. **Optarase sempre que sexa posible polo lavado frecuente das mans con auga e xabón.**

- Os documentos achegados polas familias durante os períodos de inscrición, matrícula e calquera outro documento puntual ao longo do curso serán preferiblemente escaneados para o seu arquivo informático co fin de minimizar o contacto coa documentación física presentada. Tras a manipulación destes documentos prestarase unha especial atención ao lavado de mans ou desinfección con solución hidroalcohólica.
- Cubrir sempre as vías respiratorias cun **pano dun só uso** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.
- Evitar tocarse **os ollos, o nariz e a boca**, xa que as mans facilitan a transmisión.
- Limpar e desinfectar frecuentemente espazos de uso común, equipamento, e utensilios (**obxectos, mesas, superficies, pomos, portas, teléfonos, aparellos de música e aqueles outros con botóns como os ascensores, os teléfonos, os pasamáns, as barras de portas antipánico, billas, interruptores, etc**).
- Priorízase o uso de máscaras de protección, xunto coas pantallas de protección de forma optativa . Estas estarán a disposición dos profesionais en cantidade suficiente para atender esas situacións e aquelas outras nos que se teña sospeita de que poida haber unha persoa afectada, a quen se lle facilitará unha **máscara cirúrxica** en tanto se lle nun espazo previamente establecido polo persoal do centro, separado do resto das persoas á espera de que reciba axuda médica, e a poder ser, convenientemente ventilado.

- **O persoal poderá optar polo uso de pantallas de protección** se así o considera durante a súa xornada en contacto coas nenas e nenos, e cada traballador será o responsable da custodia e limpeza do devandito EPI.
- Os útiles, equipos, utensilios de comida, obxectos de traballo, **deberán hixienizarse tras o seu uso.**
- **Evitar compartir** alimentos, bebida, utensilios e outros obxectos durante a comida.
- Non utilizar os **teléfonos móbiles durante os momentos de atención aos usuarios.** Esta prohibición xa vixente, refórzase durante toda esta etapa lembrando que, en caso de precisar dos teléfonos persoais durante os descansos do persoal, os aparellos estarán debidamente desinfectados antes e despois do seu uso. Evitarase, da mesma forma, a utilización por parte dos profesionais de obxectos persoais durante a xornada laboral.

8.5. MEDIDAS RELATIVAS AOS NENOS E NENAS

8.5.1. MOMENTOS DE CHEGADA E ACCESO AOS CENTROS

- **Os nenos ou nenas que teñan febre (máis de 37°), tose ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves, non acudirán aos centros.** De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar. *Non será necesario un informe médico para a xustificación da ausencia, abondará cunha xustificación dos pais ou nais.*
- **Os nenos e nenas camiñarán preferentemente con calcetíns con sola non escorregadiza dentro do centro** se así o permite a temperatura das aulas. No caso de non ter chan radiante **empregarase calzado exclusivo para estar dentro da escola e saír ao patio.**

- **O material facilitado polas familias deberá ser desinfectado antes de gardalo:** envases de “toalliñas”, cueiros... Outras pertenzas como zapatillas, gorras, obxectos de apegos, etc, serán entregadas ao persoal debidamente marcadas, lavadas e pechadas en bolsas plásticas evitando que saian do centro.
- **Os recipientes do almuerzo e da comida** das escolas que non teñen servizo de cociña ou servizo de comida deberán ser, da mesma maneira, desinfectados. Procederase igualmente cos biberóns de leite materno que veñan da casa, antes de ser gardados na neveira. Para a súa desinfección poderase utilizar algún dos virucidas compatibles co uso alimentario aprobados polo Ministerio de Sanidade.

8.5.2. ACTIVIDADE NAS AULAS E MEDIDAS DE HIXIENE

- **As nenas e nenos beberán por vaso ou biberón de uso exclusivo da escola,** con limpeza e desinfección diaria.
- Evitarase ou reducirase ao máximo posible **as interaccións e intercambios entre as nenas e nenos das distintas aulas** ao longo de todos os momentos da xornada.
- **Incluiranse como rutinas principais as de lavado frecuente de mans con auga e xabón** dentro das aulas, incluíndo dinámica. Prohibido o uso de panos ou toallas.
- **Usar papel dun só uso nos cambiadores** para o cambio de cueiros. Se non se pode, desinfectar con produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade.
- Evitarase, nestes primeiros momentos, o **uso de cepillo de dentes.** Esta rutina incorporase no momento no que o equipo poida garantir o uso correcto por parte dos nenos e nenas.

- Para a **limpeza do nariz** empregaranse os **panos de papel dun só uso que deben ser eliminados de forma inmediata nun contedor con tapa**.
- **Lavado frecuente e esterilización diaria de chupetes e biberóns** de uso exclusivo da escola.

8.5.3. MOMENTOS DE XANTAR

- **O refrixerio de media mañá servirase sempre de xeito individualizado** para evitar que os cativos compartan utensilios.
- **Diversificar os lugares onde se sirvan as comidas** aos nenos e nenas tentando usar as aulas preferentemente, establecendo quendas de comedor ou ben acoutando zonas para os nenos de cada aula dentro do espazo de usos múltiples.
- **Manter as distancias de seguridade entre nenos e nenas nas mesas de comedor** na medida do posible, para evitar o intercambio de comida e utensilios.

8.5.4. MOMENTOS DE DESCANSO E DE SONO

- **Nos momentos de descanso**, as camiñas colocaranse mantendo a distancia de seguridade, ou ben alternando a posición dos cativos de xeito que non coincidan cara con cara. De non ser posible, poderanse empregar outros espazos para o descanso.
- As zonas de **sono en bebés** adecuaranse preferentemente cos **berces debidamente protexidos cos coxíns protectores** para evitar contacto entre os cativos. Estes deben ser limpados e desinfectados con frecuencia.

- **Lavado frecuente de sabas** a temperatura axeitada entre 60º e 90º e igualmente na desinfección de camas.
- Extremarase o coidado de **non intercambiar roupa de camas** de nenos e nenas.

8.5.5. OUTRAS RECOMENDACIÓNS

- Eliminar coxíns, teas, tapices, material de refugallo,...
- Fomentar **propostas en pequeno grupo** onde coincidan poucos nenos e nenas no mesmo espazo. Uso de **materiais que se poidan limpar e desinfectar**, axeitados segundo o grupo de idade, xerando distintas posibilidades de xogo.
- **Alternancia no uso dos espazos comúns** de patios exteriores/interiores ou corredores e distribución de tempos para o seu uso por pequenos grupos.
- **Dar prioridade ao uso da zona exterior**, empregando materiais de doada limpeza e desinfección, intensificándoa, tanto para materiais como elementos de xogo e os espazos no intercambio dos grupos. Restringir o uso de areeiros.
- **Ventilación frecuente** de todos os espazos interiores, aproveitando as saídas ao exterior ou zonas comúns.

8.6. MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS

- As **familias tomarán a temperatura dos nenos e nenas na casa** antes de levarlos á escola. **Os e as que teñan febre** (máis de 37º), **tose ou síntomas respiratorios non acudirán aos centros**. De igual modo, aqueles que mantiveron

contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar deberán permanecer no domicilio.

- Previa á nova incorporación á escola as familias asinarán un documento responsable de non ter sintomatoloxía nin ter sido contacto estreito con persoas con COVID-19 activo nos últimos 14 días e co compromiso de comunicar calquera circunstancia que poida acaecer en calquera momento do curso a este respecto.
- De ser detectada febre ou outros síntomas durante a xornada, as familias deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, **polo que deberán estar localizables en todo momento**. O neno sintomático dentro do centro debe ser separado do resto dos nenos á espera da chegada dos pais.
- **A entrega e recollida dos nenos e das nenas realizarase por unha soa persoa** que acudirá debidamente protexida coa utilización de máscara de protección, mantendo en todo momento as distancias de seguridade respecto do persoal da escola e outros usuarios ou usuarias.
- As familias **serán as encargadas de retirar o abrigo e os zapatos do neno ou nena dentro das zonas habilitadas para o efecto**, e non pasarán ao interior da escola, salvo por indicación do persoal, empregándose nese caso calzas. Nestes momentos de entrega e recollida **manteranse as distancias de seguridade respecto do persoal** do centro e outros usuarios ou usuarias.
- **Para unha chegada e entrega graduada dos nenos e nenas, pregarase puntualidade ás familias e o cumprimento estrito dos horarios previamente acordados**, así como que manteñan a distancia de seguridade entre elas, agardando fóra do espazo habilitado polo centro no caso de ser necesario para evitar o incumprimento das distancias esixidas. Só acudirá un adulto por neno ou nena.

- Durante a vixencia deste protocolo pola Covid-19 **as familias deberán permanecer na entrada**, e non poderán acceder ao interior do centro agás por solicitude expresa do persoal da escola.
- As familias **non deixarán os carriños** dentro do centro.
- En relación coa comunicación e intercambio de información diaria coas familias **potenciarase o uso de aplicacións como a *tokapp school*** na medida do posible, por vía telefónica ou calquera outra establecida en cada centro cos pais e nais, para trasladar as incidencias da xornada, evitando así o uso das axendas en papel.
- Sobre todo no **reinicio da actividade e durante o proceso de inscrición e matrícula** establecerase a cita previa coas familias.
- **Fomentaranse as videochamadas** para posibilitar o desenvolvemento non presencial das reunións escola/familia. De non ser posible, solicitaranse citas previas **para a realización de titorías**, sempre tomando as medidas de seguridade e hixiene recomendadas en cada momento polas autoridades sanitarias e a ser posible, fóra do horario de atención educativa.
- **Quedan suspendidas todas as reunións e actividades de ANPAS nas instalacións do centro**, e regularase con posterioridade as reunións necesarias dos Consellos Escolares, ou outros órganos de representación, a través doutros medios que non menoscaben a participación dos ditos órganos no debido funcionamento da escola.
- **As reunións coas familias de inicio e fin de curso serán substituídas por reunións previamente organizadas por aulas**, coa asistencia do menor número de nais e pais, coa presenza dun só proxenitor, sempre fóra do horario lectivo, e gardando todas as medidas preventivas que se establezan polas autoridades competentes para cada momento.

8.7. MEDIDAS RELATIVAS A EMPRESAS EXTERNAS E TERCEIROS ALLEOS AOS CENTROS

- **O centro comunicará e difundirá as medidas preventivas** adoptadas a outras empresas, autónomos e persoas que poidan prestar algún servizo no centro, dentro da correspondente coordinación da actividade empresarial.
- Calquera traballador ou traballadora externo ou externa ao centro, deberá contemplar as medidas de seguridade establecidas polas súas propias empresas.
- Ademais deberán **asumir o cumprimento estrito das medidas establecidas neste protocolo e futuros para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento do seu traballo dentro das escolas infantís**, tanto se o servizo prestado é habitual como puntual.
- Procurarán **ter establecida con anterioridade á súa chegada graduada ao centro, facilitando unha hora aproximada** que evite interromper na medida do posible as dinámicas dos centros.
- **Non acudir a traballar con febre (> 37°), síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.** Para casos de contactos ou sospeitas, o persoal seguirá as indicacións das autoridades sanitarias.
- Sempre que existan, **accederán polas portas alternativas a aquelas reservadas aos nenos e nenas** previstas con anterioridade en cada centro, ou ben pola de acceso xeral onde non exista a dita posibilidade, **sempre provistos de calzas.**
- Para acceder **sempre contarán coa autorización e coñecemento previo das direccións das escolas**, provistos de máscaras como mínimo.

- Á súa chegada **avisarán mediante o timbre de entrada**, ou mediante chamada telefónica.
- **Usarán xel hidroalcohólico** antes de acceder ás dependencias para a desinfección das mans.

PERSOAL DE COCIÑAS E SUBMINISTRACIÓNS DE VÍVERES E OUTROS

- Os responsables de empresas de subministración de materiais serán os encargados de estibar as mercancías de peso considerable nos lugares indicados, gardando as **distancias sociais recomendadas e poñendo as medidas necesarias que garantan a limpeza das subministracións, aparellos e ferramentas**, atendendo sempre as indicacións do persoal do centro.
- **Os víveres e mercancías destinadas aos servizos de cociña**, subministraranse a través das portas de servizo desas instalacións sempre que as haxa. Caso de precisar de carros para entregar a subministración, **procederán á limpeza previa con líquidos axeitados antes da entrada no centro (lixivia e outros desinfectantes autorizados polo Ministerio de Sanidade)**.
- **O persoal de cociña será o responsable da desinfección e do gardado** en debidas condicións de todo o material recibido.
- **O persoal de cociña deberá manter as instalacións deste espazo, os almacéns e estancias afectas** ao seu servizo en estado de limpeza e desinfección axeitado e permanente.
- **O persoal de cociña** atenderá os protocolos das súas empresas, **reforzando as dinámicas de lavado constante de mans e desinfeccións** de superficies e tiradores, pomos e outros.

- **O persoal de cociña** no accederá ás dependencias xerais do centro sen ir provistas de **máscaras cirúrxicas e luvas ou mans convenientemente desinfectadas** con lavado ou aplicación de xel alcohólico e sempre manterán as distancias debidas co resto de persoal da escola.

PERSOAL DE LIMPEZA, XARDINERÍA , MANTEMENTO, ETC.

- **Reforzar a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Utilizaranse o listado de virucidas indicados polo Ministerio de Sanidade¹².**
- **O persoal de limpeza, xardinería, mantemento... atenderá os seus propios protocolos** de seguridade laboral e persoal impostos polas súas propias empresas ou concellos, así como ao indicado pola escola infantil. Todos deberán seguir as **instrucións respecto do acceso ao centro**, o uso de calzas, as chegadas graduadas, o traballo fóra das horas lectivas sempre que sexa posible, e a non concorrencia con moitos traballadores ou traballadoras no mesmo espazo, procurando que se manteñan convenientemente ventilados.
- **Non tocar superficies, pasamáns, portas e outros elementos** que non sexan imprescindibles para o desenvolvemento das súas tarefas.
- **O persoal de limpeza externo seguirá os protocolos marcados polas empresas correspondentes, e atenderán aqueles outros esixidos pola escola.**
- **O persoal de limpeza reforzará con produtos adecuados, e previamente contrastadas as fichas técnicas coas direccións dos centros, as rutinas diarias e repaso** das superficies e elementos máis comunmente tocados como botóns, interruptores, pasamáns, tiradores e pomos de portas e mobles, teléfonos, baños, billas, barras de suxeición de nenos en aulas, cristais de portas e ventás á altura dos cativos, chans, etc.

¹² https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf

- Atenderase igualmente as varandas **da parte exterior das zonas de patio e elementos de xogo.**
- **Ventilación frecuente** de todos os espazos interiores, aproveitando as saídas ao exterior ou zonas comúns durante os tempos que permanezan na escola.
- As ferramentas, equipos de traballo... **deberán hixienizarse tras o seu uso.**

8.8. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NOS ESPAZOS INFANTÍS E LUDOTECAS

Todas as medidas recollidas neste protocolo para os nenos e nenas de 0-3 anos son aplicables nestes centros e as xenéricas do plan de reactivación. A maiores para os nenos e nenas maiores de tres anos, deberase ter en conta tamén as seguintes normas:

- Será recomendable o uso de máscaras hixiénicas a partir dos tres anos de idade e obrigatorio a partir dos seis anos, formando ás nenas e nenos na importancia do seu uso, nas medidas de distanciamento e nas medidas de hixiene.
- En actividades en combinación con outros servizos exteriores de animación infantil, bibliotecas, servizos de actividades culturais, recreativas ou deportivas reguladas, permitidas no Decreto que as regula, ademais das medidas de hixiene e distanciamento físico, seguiranse as normas específicas reguladas para cada unha delas.
- As actividades conxuntas realizaranse en grupos dun tamaño adecuado que permita manter as normas de distanciamento físico.

Ademais teranse en conta as medidas detalladas no punto 5 e 6 referentes a detección, vixilancia, prevención e control da infección por SARS-CoV-2.

Rexistrarase o nome e un teléfono de contacto de todos os asistentes que se conservará arquivado durante un período de 28 días para a súa utilización en caso de producirse un brote e facilitar o seu seguimento. Finalizado o prazo establecido poderase eliminar esta información da base de datos.

No caso de aparecer un caso positivo da COVID 19 nun espazo infantil ou ludoteca, valorarase realizar un test diagnóstico en 24 horas de existir clínica compatible coa Covid-19 a todo o persoal que tivera un contacto estreito co caso positivo no centro.

No centro realizarase unha limpeza e desinfección en profundidade complementada con técnicas que maximicen o contacto con todo o entorno .

9. LIÑAS DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO DOS CAMPAMENTOS

9.1. OBXECTIVOS

- Adaptar as actividades da Campaña de verán da Xunta de Galicia, nomeadamente os campamentos, á nova normalidade provocada pola afectación da Covid-19.
- Asegurar o coñecemento e correcta aplicación das medidas hixiénico-sanitarias tanto nas instalacións, como no persoal, equipo de monitorado e nenos e nenas participantes en cada campamento.
- Establecer un protocolo de actuación que permita dar unha resposta ante un posible caso infeccioso por COVID-19.

9.2. CAMPAÑA DE VERÁN DA XUNTA DE GALICIA

De xeito ordinario, a Campaña de Verán da Xunta de Galicia está composta, todos os anos, por 5 actividades diferentes:

- Campamentos en Galicia
- Programas de intercambios bilaterais con outras CCAA.
- Oferta concertada (cesión do uso das instalacións propias a entidades e concellos para que poidan desenvolver as súas actividades).
- Actividades para maiores de 18 anos: Programa Conecta con Galicia, que se realiza en colaboración coa Secretaría Xeral da Emigración.
- Campos de voluntariado en Galicia, noutras comunidades autónomas e no estranxeiro.

O seguinte protocolo centrarase na primeira destas actividades: os campamentos. Así mesmo, tamén contemplará un anexo específico para os campos de voluntariado en Galicia. O resto das actividades non son obxectivo deste protocolo, posto que tampouco estarán incluídas dentro da oferta da Campaña de verán da Xunta de Galicia deste 2020 debido á readaptación necesaria xurdida pola incidencia da crise sanitaria provocada pola Covid-19. En todo caso, calquera outra iniciativa de análoga natureza que se poña en marcha pola Consellería de Política Social deberá seguir as pautas do presente protocolo, que pode sufrir modificacións e adaptacións con posterioridade á súa publicación.

Cómpre lembrar que a Campaña de verán da Xunta de Galicia segue a ser un referente a nivel de toda España, debido á atractiva programación e á propia oferta de prazas. Trátase dun programa, xestionado pola Consellería de Política Social, que favorece a participación da xuventude en múltiples actividades cun forte compoñente de educación non formal no ámbito do ocio e o tempo libre. Así mesmo, contribúe á dinamización e xeración de emprego no sector dos educadores do tempo libre e, ademais, facilita a conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas durante a época estival.

Neste sentido, a crise provocada pola Covid-19 supuxo que o Goberno central declarase o estado de alarma desde o pasado 14 de marzo, o que implicou unha restrición na circulación das persoas, a suspensión de clases presenciais ou as actividades de tempo libre en xeral, polo que os nenos e nenas viron limitadas as súas opcións de ocio e educación non formal. Así mesmo, a progresiva volta ao traballo presencial fai necesario establecer medidas ou recursos de conciliación, como son os campamentos. Campamentos adaptados e extremando as precaucións e normas hixiénico-sanitarias, con actividades en grupos máis reducidos que garantan certo distanciamento social, pero sen perder nunca o carácter educativo, interactivo e de participación polo que se caracterizan.

Campamentos, en definitiva, que aporten seguridade ás familias, cun compromiso claro por parte da Administración, das empresas adxudicatarias e do equipo de actividades para traballar por un ocio educativo de calidade dentro das novas circunstancias.

É importante lembrar tamén que os campamentos son garante de inclusión, posto que se favorece a participación dos menores en situación de garda ou tutela administrativa e dos mozos e mozas con discapacidade. Por tanto, será necesario reforzar aínda máis a atención, por parte de monitores especialistas, dos nenos e nenas con necesidades específicas que se inscriban ás actividades.

9.3. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS DOS CAMPAMENTOS E OUTROS RECURSOS

Neste punto é preciso diferenciar entre as instalacións propias da Xunta de Galicia e aquelas de carácter privado e/ou municipal nas que, todos os anos, se concertan quendas públicas. Ambos os dous casos compoñen a convocatoria de oferta de prazas da Consellería de Política Social, aínda que o groso de prazas está nas instalacións propias, mentres que coas segundas o que se busca é incrementar a oferta e diversificar o tipo de actividades.

Este protocolo será de aplicación para as instalacións propias da Xunta de Galicia. En todo caso, desde a Consellería de Política Social traballarase en colaboración co persoal responsable do resto de instalacións que finalmente compoñan a oferta de prazas públicas para adaptar, na medida do posible, o dito protocolo ás súas particularidades, primando sempre os 3 obxectivos anteriormente descritos:

- Adaptar as actividades dos campamentos á nova normalidade provocada pola afectación da Covid-19.
- Asegurar o coñecemento e correcta aplicación das medidas hixiénico-sanitarias tanto nas instalacións, como no persoal, equipo técnico de monitorado e nenos e nenas participantes en cada campamento.
- Establecer un protocolo de actuación que permita dar unha resposta ante un posible caso infeccioso por COVID-19.

Dentro das instalacións propias da Xunta de Galicia cómpre diferenciar entre aquelas que son albergues (nos que se durme en cama en cuarto ou en liteira) e campamentos (con tendas de campaña). En xeral, todas as instalacións dispoñen dun amplo recinto verde no que desenvolver as actividades e están próximas a zonas de río ou mar para levar a cabo as actividades náuticas. En total, son 13 as instalacións propias da Xunta de Galicia nas que se levan a cabo, de xeito habitual, os campamentos. Son as seguintes:

Provincia de A Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
- Albergue xuvenil Marina Española (Sada) - Albergue xuvenil Gandarío (Bergondo) - Campamento xuvenil Furelos (Melide) - Campamento xuvenil Virxe de Loreto (Porto do Son) - Campamento xuvenil Espiñeira (Boiro)	- Albergue xuvenil Area (Viveiro) - Albergue xuvenil Benigno Quiroga (Portomarín) - Campamento xuvenil A Devesa (Ribadeo) - Campamento xuvenil Os Chacotes (Palas de Rei)	- Campamento xuvenil Penedos de Xacinto (Entrimo)	- Albergue xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa) - Campamento xuvenil Pontemariil (Forcarei) - Campamento xuvenil Illa de Ons

Así mesmo, este ano 2020 incorpóranse tamén quendas de actividades nas seguintes instalacións dependentes da Administración autonómica: Residencia de Tempo Libre de O Carballiño, Residencia de Tempo Libre de Panxón, Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo, Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol e Centro Superior de Hostalaría de Galicia.

9.4. MEDIDAS RELACIONADAS COA CONVIVENCIA

Outro dos puntos a ter en conta dentro dun campamento é a convivencia. Todas as actividades incluídas dentro da Campaña de verán da Xunta de Galicia supoñen pernocta nas instalacións, tanto de nenos e nenas participantes, como do persoal das actividades (xerente, director de tempo libre e monitores de tempo libre) e demais persoal interno (enfermeiro/a e, nalgúns casos, persoal de limpeza, cociña e mantemento).

A convivencia estrutúrase, na práctica, en diferentes quendas de participantes cunha media de duración de 8 ou 10 días: 8 días para os máis pequenos e 10 días para os

maiores. Durante esa quenda conviven, por tanto, un equipo de actividades específico (director e monitores) cun grupo de nenos e nenas tamén específico, así como un enfermeiro/a. Ademais, o xerente permanece na instalación desde o inicio ata o final do período xeral dos campamentos. Pola súa banda, o persoal de cociña, limpeza e mantemento pode permanecer só na instalación durante a súa xornada laboral, dependendo da instalación. Isto significa que a convivencia entre persoas está vinculada a un grupo específico e controlada desde o punto de vista organizativo, o que fará máis áxil delimitar a área de contactos de detectarse un caso posible positivo por COVID-19 durante algunha quenda.

Nos campamentos da Xunta de Galicia poden participar mozos e mozas de entre 9 a 17 anos. Dentro desta ampla horquilla establécense tramos de idade para garantir que cada actividade estea adaptada ás capacidades, habilidades e madurez de cada quen. Por tanto, poderase establecer un reforzo de persoal monitor se así se estima preciso, logo de ser estudado de xeito pormenorizado entre Administración e equipo das empresas adxudicatarias.

9.5. CAMPAMENTOS FRONTE Á COVID-19: COMPROMISO CONXUNTO

A posta en marcha dos campamentos da Xunta de Galicia durante o verán de 2020 (mediados de xullo-agosto-principios de setembro) axudará ás familias galegas a conciliar, e aos mozos e mozas a poder desfrutar de actividades ocio e educación non formal tras meses de confinamento. Pero estas actividades, así como as demais do ámbito do tempo libre, deben adecuarse, tendo en conta as súas particularidades, ás recomendacións das autoridades sanitarias para cada situación ou fase determinada.

Por tanto, Administración e empresas adxudicatarias traballarán conxuntamente para realizar todas as adaptacións necesarias, tanto no aforo, no ámbito das actividades e nas instalacións co obxectivo de velar pola seguridade dos participantes e pola calidade na programación. Esta información será posta en coñecemento dos pais/nais/titores legais dos participantes que obtivesen praza nos campamentos con anterioridade a comezar a actividade.

Este compromiso cos mecanismos de prevención e coas medidas hixiénico-sanitarias debe ser tamén compartido polas propias familias e participantes. Deste xeito, non se admitirá a entrada aos campamentos se o participante:

- É diagnosticado positivo por COVID-19 segundo os criterios médicos vixentes.
- Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada coa COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación.
- Estivese en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á súa participación.

Se a persoa participante está nalgún destes supostos, antes de comezar a súa quenda deberá poñerse en contacto co servizo de xuventude da Xefatura Territorial de Sanidade correspondente para comunicar a súa baixa e proceder así ao reintegro do abono da praza. En ningún caso se permitirá o cambio de quenda.

Na orde de convocatoria de prazas recóllese, todos os anos, que para ser admitido/a nun campamento é necesario non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio. En todo caso, e para un maior coñecemento e seguridade da propia organización, así como de todas as familias, será preciso cubrir unha **declaración responsable** sobre o estado de saúde da persoa participante (na que se aclare que non concorren ningún dos tres puntos anteriores que denegan a entrada á instalación), así como de aceptación dos contidos da actividade e normas hixiénico-sanitarias establecidas, previamente informadas. Recomendase unha revisión médica previa ao ingreso no campamento

O obxectivo final non é outro que acadar un compromiso conxunto entre Administración, empresas adxudicatarias das actividades, persoal, participantes e familias para que a realización da Campaña de verán 2020 se poida levar a cabo baixo as máximas condicións de prevención, control e calidade.

9.6. MEDIDAS HIXIÉNICAS E ORGANIZATIVAS NA INSTALACIÓN

En cada campamento nomearase unha persoa responsable ou coordinador COVID19, que será o responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Esta será a encargada de contactar coa Xefatura Provincial de Sanidade se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste.

Da mesma forma, na Consellería de Política Social existirá un equipo COVID19 que será quen coordine as medidas anteriormente descritas, informar á Consellería de Sanidade de incidencias e exercer de interlocutor con esta ou exercer de consultor cando así o soliciten dende as instalacións onde se desenvolvan os campamentos de verán.

En xeral, en cada instalación extremarse a limpeza e as medidas de prevención en zonas comúns, comedores ou espazos similares, lavabos e duchas, habitacións/tendas de campaña e salas interiores.

9.6.1. Hixiene e limpeza

Deste xeito, procederase a realizar unha limpeza e desinfección xeral en toda a instalación previa ao inicio dos campamentos. Ademais, este proceso de desinfección total levarase a cabo tamén entre o remate e o inicio da seguinte quenda. Esta acción non substituirá, en ningún caso, á desinfección diaria dos espazos ocupados, cuxa limpeza se verá reforzada.

En liñas xerais, estas serán as pautas hixiéticas:

- Como primeira opción en calquera caso, recoméndase a hixiene de mans con agua e xabón sempre que sexa posible.
- Instalaranse dispensadores de xel en todos os espazos comúns e haberá persoas encargadas de supervisar que sempre estean cheos.

- Eliminaranse os mobles e utensilios que non sexan precisos dos espazos nos que se realizará a actividade.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Procederase a desinfectar o material empregado polos participantes antes dun novo uso. Para a desinfección utilizarase algún dos virucidas aprobados polo Ministerio de Sanidade nomeados no seguinte enlace (https://www.ms-cbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf).
- É recomendable unha ventilación constante dos espazos pechados. Revisarase o sistema de climatización da instalación, se existe, para asegurar a limpeza e o cambio dos filtros de aire exterior en caso necesario, co obxectivo de maximizar no posible o caudal de ventilación.
- Deberá extremarse a limpeza, prestando especial atención ás superficies de contacto máis frecuente como pomos de portas, pasamáns, billas, etc, utilizando para iso desinfectantes como solucións de lixivia (1:50) acabada de preparar ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados polo Ministerio de Sanidade.
- Manterase a ventilación dos aseos permanentemente, indicando que os inodoros se descarguen coa tapa pechada. Limparanse varias veces ao día os aseos.
- Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- As papeleiras deben ser con tapa e apertura de pedal e deben estar distribuídas por todo o edificio.

- Os ascensores, de habelos, serán obxecto de limpeza continuada. O número de persoas que os utilicen debe ser aquel que permita manter a distancia de seguridade. Sempre se recomendará a utilización de escaleiras de forma preferente, cando sexa posible.
- Retiraranse as máquinas que se activan ao tacto. En caso de que non sexa posible, é preciso desinfectar as mans antes e despois do seu uso; e a limpeza debe de ser especialmente exhaustiva nos puntos de contacto directo co usuario.
- En canto aos dispensadores de auga, recoméndase a non utilización dos dispensadores con botella. En caso de empregarse, cada usuario ten que extremar a hixiene dos obxectos que vaia empregar. En todo caso, en ningún caso se pode beber directamente das billas.

Así mesmo, manteranse as seguintes frecuencias específicas de hixiene polas diferentes zonas:

- Zonas comúns (salas, aulas...): todos os días limpanse, cando menos, tres veces.
- Cociña, comedor e similares (tipo merendeiros): despois de cada uso.
- Lavabos e duchas: incrementar a súa limpeza despois das horas de máis afluencia (mañá e noite).
- Habitacións: recoméndase a máxima aireación posible como mínimo de 15 ou 20 minutos diarios. Extremarase a limpeza nas portas, pomos, ventás, espellos, mesas e demais mobles da habitación. A lencería de cama será renovada, de ser necesario, unha vez a metade de quenda e, sempre, ao finalizar cada quenda. Deberá someterse a un ciclo completo a unha temperatura de entre 60 a 90 grados. Correspóndelle a cada particular recoller a roupa sucia e gardala

nunha bolsa pechada, evitando sacudila e procedendo á correcta hixiene de mans tras realizar esta tarefa.

- Tendas de campaña: de ser necesario, unha vez a metade da quenda someteranse a unha limpeza e desinfección interna. A desinfección interna contempla o saco, mantas e funda de almofada, así como as colchonetas. Así mesmo, tras o cambio de quenda realizarase unha limpeza máis exhaustiva. Para a desinfección utilizarase algún dos virucidas aprobados polo Ministerio de Sanidade respectando sempre as indicacións da ficha de seguridade do produto utilizado

É importante que os usuarios manteñan a súa estancia recollida para favorecer as tarefas de limpeza. Cómpre lembrar que se evitará a limpeza en seco para non remover po, intentando sempre realizar arrastre húmido.

9.6.2. Persoal de limpeza e cociña

Todas as súas tarefas deben realizarse con máscaras (hixiénicas ou cirúrxicas) e guantes dun só uso e non portar ningún tipo de anel, pulseira, pendentes ou similar. Unha vez rematadas as tarefas deberán realizar unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, como indican as diferentes recomendacións hixiénicas dispoñibles na páxina coronavirus.sergas.gal, e mudar o seu uniforme de traballo.

Se non son persoas convivintes na instalación, é importante que non acudan desde o exterior aos centros cos guantes postos. Deberase realizar unha limpeza ou desinfección de mans á entrada ao centro e empregaranse os guantes para actividades puntuais, tendo sempre presente a forma correcta de quitálos e asegurando unha limpeza adecuada de mans posterior. Os guantes empregados deben rexeitarse en recipientes con tapa e accionados a pedal.

9.6.3. Persoal externo (mercancías)

Para a recepción de mercancías habilitarase unha zona de descarga á que accederá o transportista, evitando tanto o contacto co persoal de cociña como o acceso e almacéns e cámaras. Unha vez o transportista marche, procederase á desinfección oportuna dos embalaxes, antes de ser trasladados ao lugar de almacenaxe. Cando o material o permita, optarase por eliminar totalmente a embalaxe orixinal. En todo caso, o xerente da instalación deberá velar porque non entre ao recinto ningunha persoa allea que non teña autorización previa.

Na organización dos servizos e actividades diferenciaranse os circuítos de servizos (limpeza, subministracións ou cociña) dos de participantes e actividades, para evitar o contacto entre adultos dos servizos e os alumnos e monitores.

9.6.4. Organización e distribución de espazos

Ademais de incrementar as medidas de limpeza das propias instalacións, é preciso redistribuír os espazos para favorecer o distanciamento social nas zonas onde pode haber unha maior concorrencia de persoas. Neste sentido, cómpre lembrar que os campamentos son espazos de convivencia en xeral, tanto a nivel de actividades como no resto do día a día (comedor, habitacións...), polo que cómpre realizar unha aposta decisiva por compatibilizar o recomendado distanciamento social -con grupos máis reducidos de participantes, por exemplo- coa calidade e compoñente de diversión e educación da iniciativa.

As actividades durante os campamentos organizaranse en grupos estables de participantes e monitores que reduzan os contactos entre membros de cada grupo. Nas actividades conxuntas serase especialmente coidadoso no mantemento da distancia física entre os nenos e nenas.

Tendo isto presente (ámbito que será tratado máis detalladamente no punto 9.7), é preciso abordar o distanciamento social específico no resto de espazos comúns e/ou compartidos. Sínálanse, por tanto, as seguintes instrucións:

- Zonas de comedor ou similares: non superarán o aforo que garanta unha distancia mínima de 1,5 metros entre comensais. Se é preciso establecer quendas de comida para poder cumprir con este protocolo, deberán ser articuladas polo xerente da instalación. Debe retirarse das mesas calquera elemento decorativo e produtos de autoservizo, priorizando as monodosas dun só uso. Todos os campamentos contan cun servizo de comida tipo buffet, polo que se deberá arbitrar un sistema de acceso que evite aglomeracións, así como a manipulación de aparellos de uso común. Será o propio persoal o encargado de manipular e servir.

- Lavabos e duchas: O uso das duchas estará controlado polo monitor de cada grupo. O xerente e o director de tempo libre, en colaboración co equipo de monitores, adaptarán o cronograma inicial e establecerán quendas de mañá e de tarde para evitar unha ocupación elevada e garantir tamén a súa correspondente limpeza tras o seu uso, cronograma que será remitido á Administración. Se a instalación é un albergue xuvenil procurarse facer uso dos mesmos lavabos en función da habitación/pavillón no que se estea aloxado.

- Habitacións e tendas de campaña: na ocupación das habitacións garantirase sempre unha distancia entre camas de 1,5 metros e, cando non sexa posible, instalaranse medidas de barreira. No caso de que o campamento sexa exclusivamente con tendas de campaña, reducirase o aforo ao 50%, mantendo a distancia interpersonal. De xeito xeral, nas tendas de campaña pasarán de durmir 4 nenos (como se viña facendo ata o ano pasado) a ser só 2 os que convivan, coas correspondentes distancias de seguridade, procurando que ningún neno teña que durmir só naqueles grupos impares. Procuraranse instalar as tendas alternando as de participantes coas de monitorado supervisor, sobre todo naquelas quendas de nenos e nenas con menor idade.

9.7. MEDIDAS ORGANIZATIVAS NAS ACTIVIDADES

Tal e como se mencionou no punto anterior, os campamentos son espazos de convivencia, sobre todo no ámbito da programación de actividades, que se busca que sexa interactiva e participativa para conseguir a integración e inclusión de todos os nenos e nenas participantes. En todo caso, na situación actual é preciso realizar unha aposta decidida pola seguridade de participantes, monitorado e demais persoal técnico e voluntario, tratando de non perder a calidade na actividade.

Traballarase, por tanto, en conxunto coas empresas adxudicatarias para levar a cabo a adaptación da programación de actividades ás normas hixiénico-sanitarias establecidas.

Cómpre ter en conta que, aínda que a ratio mínima establecida normativamente en Galicia (*DECRETO 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude*) é de 1 monitor por cada 10 participantes, as actividades da Campaña de verán da Xunta de Galicia organízanse por encima da ratio mínima, e refórzase aínda máis naquelas quendas nas que acceden persoas con discapacidade.

No escenario actual pode plantexarse como necesario un reforzo de monitorado en determinadas actividades nas que se requira un maior volume de organización ou complexidade técnica. A maiores deste reforzo de persoal, nos casos nos que sexa necesario unha distribución interna das actividades, esta farase por subgrupos de participantes, que rotarán por todas elas dun xeito ordenado, evitando así o contacto entre os subgrupos.

Cómpre ter en conta as seguintes pautas á hora da realización das diferentes actividades no transcurso do campamento:

- Cada un dos subgrupos estará conformado por un máximo de 15 nenos e nenas, a cargo dos monitores correspondentes que se establezan para reforzar todas as necesidades e garantir as medidas de prevención.

- Os participantes deberán realizar o correspondente lavado de mans con auga e xabón, cando menos, ao comezo e remate de cada actividade, antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo. O equipo de monitorado será o encargado, tras recibir a formación oportuna, de ensinarlle aos rapaces e rapazas, o primeiro día de campamento, todos estes procedementos. Pódense consultar tutoriais no enlace: <https://femora.sergas.gal/Seguridade/Video-5-EPI>
- Procurarase dotar con equipos de material individual aos participantes naquelas actividades que sexa posible. Se isto non fose posible, tras cada uso e antes de ser utilizado de novo por outra persoa, este material deberá desinfectarse ou hixienizarse de xeito adecuado.
- Manterase a distancia interpersonal de seguridade sempre e cando sexa posible, priorizando aquelas actividades que faciliten este distanciamento. No caso de non ser factible deberase empregar o uso de máscara tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes.
- O uso de guantes non é recomendable de xeito xeneralizado, só para casos particulares, como a manipulación de alimentos que van ser consumidos en cru, por exemplo.
- As actividades grupais, como veladas ou xogos lúdicos, poderanse organizar en grupos máis reducidos garantindo, cando sexa posible, a distancia entre participantes. Deberase tentar que non se perda o obxectivo e calidade da actividade.

9.8. MEDIDAS DE PREVENCIÓN E HIXIÉNICO-SANITARIAS

A maiores das medidas de hixiene e limpeza que se realicen nas instalacións, débese primar tamén a propia prevención e hixiene persoal, tanto do equipo de monitorado como dos propios nenos e nenas participantes no campamento. Todas as recomenda-

cións ao respecto (tales como o correcto lavado de mans, o uso de panos rexeitables ou as medidas ante un tusido) pódense consultar na web coronavirus.sergas.gal e estarán tamén visibles a través de cartellaría e diferentes medios de difusión na propia instalación.

9.8.1. Equipo da empresa de actividades: xerente, director e monitores de tempo libre

A empresa adxudicataria da instalación para realizar a programación de actividades é a encargada de contratar a todo o persoal técnico necesario para garantir a correcta prestación da actividade. Por tanto, debe encargarse de poñerse en contacto con todo o seu persoal contratado, se é posible 14 días antes de que comece a súa quenda, para coñecer o seu estado de saúde e saber se estivo exposto a risco de contaxio. Do mesmo xeito que xa se manifestou con anterioridade, non se permitirá a entrada á instalación de ningunha persoa que:

- Sexa diagnosticada positivo por COVID-19.
- Presenta calquera sintomatoloxía (tos, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada coa COVID-19 durante os 14 días previos á súa participación.
- Estivese en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 14 días previos á súa participación.

Así mesmo, a empresa adxudicataria, en colaboración coa Administración autonómica, encargarse de formar ao monitorado e demais persoal técnico sobre os procedementos hixiénicos-sanitarios a seguir, así como sobre os diferentes protocolos que se poñan en marcha para garantir o cumprimento das medidas establecidas.

A empresa executora das actividades velará por que todo o seu persoal coñeza, en cada momento, as normas, recomendacións e protocolos necesarios para desenvolver

as actividades coa máxima garantía e calidade, así como as posibles modificacións que poidan xurdir ao longo do tempo.

9.8.2. As persoas participantes

Ademais de todos os requisitos anteriormente expostos no punto 9.6, os nenos/as e mozos/as participantes nos diferentes campamentos deberán velar, en colaboración co seu equipo de monitorado, pola súa correcta hixiene persoal: incrementando o lavado habitual de mans, evitando coller pertenzas alleas, a través dun correcto uso das habitacións/tendas de campaña ou da zona de comedor, etc.

Así mesmo, o participante deberá presentarse á hora e día establecido en función da quenda na que obtivese praza. Se é posible, o horario de chegada deberá notificarse previamente e coa antelación suficiente ao persoal da instalación para poder graduar as chegadas e evitar aglomeracións puntuais no acceso de entrada, tal e como quedará recollido nas respectivas cartas informativas. A persoa participante só poderá vir acompañada por un pai/nai ou titor legal, co obxectivo de reducir a entrada a persoal alleo á instalación, limitándoo ao mínimo imprescindible. O mesmo procedemento empregárase para o día da recollida. No momento de entrada do participante ao campamento tomarase a temperatura a través de dispositivos de lectura biométrica que non impliquen contacto físico.

No día de chegada ao campamento organizarase unha dinámica lúdica-formativa, adaptada a cada franxa de idade, para que os nenos/as e mozos/as coñezan as diferentes medidas de prevención, hixiénico-sanitarias e os distintos protocolos que se deben seguir durante a súa estancia na instalación. Incidirase na propia hixiene persoal e no protocolo de detección: ante calquera síntoma vinculado coa COVID-19, será necesario que o comuniquen canto antes ao seu monitor de referencia (punto 9.9).

9.9. ACTUACIÓN ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19

Ante a manifestación de síntomas relacionados coa COVID-19 por parte dos nenos/as participantes, será necesario que comuniquen esta circunstancia canto antes ao moni-

tor encargado da actividade, que de xeito inmediato poñerá en coñecemento esta situación ante o xerente da instalación para articular o oportuno protocolo de illamento.

- Deste xeito, a persoa participante que presente este tipo de síntomas deberá ser trasladada á enfermería e portar unha máscara cirúrxica.
- Será atendida, en primeiro lugar, polo persoal enfermeiro, que contará cunha máscara facial FFP2 e encargarse de realizar unha primeira intervención con todas as medidas de prevención e seguridade sanitaria. O paciente con síntomas será portador da máscara cirúrxica e será separado inmediatamente dos participantes do campamento.
- Unha vez confirme os síntomas deberá poñerse en contacto co número de teléfono 900 400 116, ou 061 se existe sintomatoloxía severa, para trasladar toda a información do caso e esperar instrucións.
- Tras realizar este primeiro aviso, a persoa coordinadora da COVID-19 poñerá en contacto co servizo de xuventude da Xefatura Territorial de Sanidade correspondente para dar parte da situación.
- Así mesmo, avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.
- O persoal monitor encargado do subgrupo no que estivese a persoa participante, en colaboración co persoal enfermeiro encargarse de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do neno/a posible afectado/a, co fin de manter unha corentena preventiva mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19.

A maiores das pautas anteriores, en todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

9.10. CAMPOS DE VOLUNTARIADO

Os campos de voluntariado están destinados a persoas mozas de 18 a 30 anos. É dicir, son a continuación dos campamentos para persoas mozas maiores de idade. Desenvolvidos maioritariamente en colaboración cos concellos, son actividades encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos .

Nestes proxectos, a cambio do traballo desinteresado das persoas voluntarias en distintas áreas, ofréceselles unha alternativa de lecer e tempo libre baseada no intercambio de coñecementos e culturas, da práctica de deportes e da visita a lugares de interese tanto turístico como histórico ou cultural.

De xeito ordinario, nos campos de voluntariado que se organizan en Galicia ofértanse prazas para mozos e mozas galegos, doutras comunidades autónomas e do estranxeiro. Tendo en conta a situación actual, é preciso reformular esta característica deste programa internacional. Deste xeito, para a Campaña de verán do ano 2020:

- Os campos de voluntariado enmarcados dentro da Campaña ofertarán integramente prazas só para mozos e mozas de Galicia.
- A convivencia non poderá superar as 12 persoas participantes, sumando a maiores o equipo técnico.
- Deberanse primar as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal e extremarse a limpeza, tal e como se recolle para os campamentos no punto 9.6, nos espazos comúns.
- Adaptaranse as actividades ao distanciamento interpersoal. Naquelas onde non sexa posible deberase portar máscara.

- Procurarase non realizar excursións a espazos concorridos.
- Traballarase en colaboración cos concellos para dotar de material de protección a participantes e equipo técnico de ser necesario.

9.11. LIÑAS DE ACTUACIÓN ESPECÍFICAS NOS CAMPAMENTOS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

A Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, recoñece no seu artigo 30 o dereito das persoas con discapacidade a participar, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas actividades recreativas e de lecer e tempo libre. Así mesmo, o artigo 7 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, garante o dereito á igualdade das persoas con discapacidade.

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, a través da Dirección de Maiores e Persoas con Discapacidade, convoca cada ano Campamentos de verán para persoas con discapacidade para que poidan gozar dunha estadía socializadora e de convivencia, nun espazo lúdico, humano, integrador, formativo e seguro, mediante o desenvolvemento de actividades dirixidas especialmente ao fomento de habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, así como ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

As necesidades específicas das persoas con discapacidade que precisan dunha atención máis especializada así como a vontade de incluír neste tipo de actividades lúdicas a un colectivo de participantes con rangos de idade máis amplos (persoas con idades comprendidas entre os 11 e os 45 anos), motivan a organización nos meses de verán destes campamentos específicos para persoas con discapacidade.

En todo caso, na organización dos Campamentos de Verán Específicos para Persoas con Discapacidade deberase garantir o cumprimento de todas as medidas recollidas con carácter xeral nas “Liñas de actuación no ámbito dos campamentos” do presente documento.

As condicións organizativas e de prevención que pretenden reforzar a protección específica deste colectivo de persoas especialmente vulnerable son as seguintes:

- En canto medida facilitadora da convivencia e garante de mellores condicións de seguridade, as 132 prazas ofertadas neste exercicio 2020 organízanse en grupos reducidos dun **máximo de 15 participantes por quenda**, que terán unha duración de 10 días (9 noites).
- O número de persoas con limitacións de mobilidade por quenda **non poderá ser superior o 33%** do total dos participantes en ningunha das instalacións.
- **Organización das actividades e distribución de espazos:** as instalacións das residencias de tempo libre destinaranse preferentemente a un uso exclusivo por parte dos participantes nestes campamentos, evitando na medida do posible compartir espazos con outras actividades e usuarios.
- **Recursos humanos e equipo técnico esixido:** reforzase e incrementase a ratio mínima establecida no Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. Deste xeito, deberá de estar composto por un mínimo de 6 titulados e con experiencia, tanto no ámbito de actividades de ocio e tempo libre (monitor/a actividades de ocio e tempo libre) coma no de discapacidade (monitor de persoas con discapacidade, especialista en integración e atención a persoas con discapacidade, técnico superior en integración social etc.) e 4 auxiliares-coidadores (coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou con certificado de profesionalidade ou titulación equivalente e acreditación de formación ou experiencia no uso de aparellos para a súa mobilización e coidado) por cada quenda, ademais da persoa responsable da dirección do equipo e da persoa titulada en medicina ou graduada en enfermaría ou equivalente, que se esixirá para cada unha das quendas agás o establecido para quendas coincidentes (naqueles casos nos que coincida no tempo a realización de dúas quendas de idade distintas, considerarase un grupo único a efectos de director e persoal sanitario necesario).

Medidas específicas de prevención e hixiénico-sanitarias: a persoa titulada en medicina ou graduada en enfermaría ou equivalente realizará diariamente un control de saúde onde rexistrará a temperatura basal de cada un dos participantes e doutra sintomatoloxía compatible con COVID19. Así mesmo, ao comezo da convivencia incluírase nas fichas de acollida preguntas acerca de se existe posibilidade de estar en contacto con persoas sospeitosas ou casos confirmados de COVID19.

10. CONCLUSIONES

- Neste momento non existe evidencia científica en contra para reabrir os colexios, e os custos sociais de manter os centros educativos pechados son descritos por innumerables organizacións educativas europeas. Os pros e contras da reapertura variarán segundo o neno e o seu contexto, pero o prazo en que se descubrirá a vacina é descoñecido.
- A implantación de medidas preventivas nunha escola infantil 0-3, é moito máis complexa que para outros ciclos superiores, toda vez que a maiores da actividade lectiva, esta complementábase coa cobertura dunha serie de necesidades básicas como durmir ou xantar, ademais de outra afectivas incompatibles co afastamento social recomendado ante o coronavirus. Os cuidados dun lactante ou dun neno ou nena de 0-3 anos, tanto no fogar como na escola, precisa do estreito contacto humano e dun vincello afectivo que facilite o crecemento físico e emocional dos mais cativos.
- No contexto epidemiolóxico actual de Galicia, cunha seroprevalencia de SARS- Cov-2 entre o 1 e o 2%, a apertura dos centros educativos e de menores tería risco moi baixo coas necesarias medidas de distanciamento físico.
- Poñelo en marcha esixe ter un plan de vixilancia adaptado, operativo e rápido para o illamento de casos e corentena de contactos. A tecnoloxía xoga ao noso favor e cada día teremos máis e mellores probas rápidas. Mesmo coas dispoñibles actualmente existe capacidade para que sexa controlable esta situación.
- Facemos a salvedade de que todas estas medidas propostas sobre o número de alumnos por clase, flexibilizar o horario de entrada, suspender eventos e reunións grupais, entrada gradual aos centros, evitar aglomeracións ou a prohibición de entrada das familias ao centro educativo sen autorización previa, son recomendacións dinámicas que poden modificarse segundo a evolución da epidemia.
- Recoméndase en calquera caso establecer sempre a distancia interpersonal recomendada en todos os espazos e manter as medidas hixiénicas: lavado de

mans, ventilación e limpeza das aulas e espazos e material escolar e de xogos. Se esta distancia non puidese ser mantida, valorarase o uso de máscara en espazos de xogos pechados compartidos.

BIBLIOGRAFÍA

1. World Health Organization. Considerations for school-related public health measures in the context of Covid-19. May, 2020.
2. Lara S, Shekerdemian M, Nabihah R et al. Characteristics and outcomes with coronavirus disease 2019 (Covid-19) infection admitted to US and Canadian Pediatric Intensive Care Units. JAMA Pediatrics, May 2020
3. Asociación Española de Pediatría. Propuesta de la Asociación española de pediatría (AEP) en relación a la apertura gradual de las áreas de educación infanto juvenil. Mayo 2020
4. Zhang et al. Changes in contact patterns shape the dynamics of the Covid19 outbreak in China. Science, April 2020
5. Viner RM, Russell SJ, Croker H et al. 2020. School closure and management practices during coronavirus outbreaks including COVID-19: a rapid systematic review. Lancet Child Adolesc Health 2020; 4: 397–404 (<https://www.thelancet.com/action/showPdf?pii=S2352-4642%2820%2930095-X>)
6. UNICEF, WHO, IFRC 2020. Key Messages and Actions for COVID-19 Prevention and Control in Schools (<https://www.unicef.org/reports/key-messages-and-actions-coronavirus-disease-covid-19-prevention-and-control-schools>)
7. Boast A, Munro A, Goldstein H. An evidence summary of Paediatric COVID-19 literature, Don't Forget the Bubbles, 2020 (<https://dontforgetthebubbles.com/evidence-summary-paediatric-covid-19-literature>).
8. Chu D, Akl E, Duda S. Physical distancing, face masks, and eye protection to prevent person-to-person transmission of SARS-CoV-2 and COVID-19: a systematic review and meta-analysis. The Lancet, 1 June, 2020. [https://doi.org/10.1016/S0140-6736\(20\)31142-9](https://doi.org/10.1016/S0140-6736(20)31142-9)

ANEXO I. Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a cidadanía poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. **De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.**

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?			

Se algún síntoma (sen outra xustificación):

Ten actualmente síntomas? SI/NON

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

A interpretación dos resultados da enquisa realizarase tendo en conta os criterios clínicos e epidemiolóxicos. Tendo en conta a definición do Ministerio de Sanidade de caso sospeitoso por SARS-CoV-2 (calquera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire. Outros síntomas atípicos como a dor de garganta, perda do olfacto, perda do gusto, dores musculares, diarreas, dor torácico ou cefaleas, de inicio brusco e sen causa aparente, entre outros, poden ser considerados tamén síntomas de sospeita de infección por SARS-CoV-2 segundo criterio clínico.